

UNIDADE DIDÁCTICA

SECCIÓN 1

INTRODUCCIÓN

CADERNO PARA O PROFESORADO





Introdución

De que trata esta unidade didáctica?

As persoas vivimos en sociedade: utilizamos o transporte público, facemos deporte no pavillón municipal, acudimos ao centro de saúde etc. En definitiva, estamos en contacto con outros e necesitamos dos demais no noso quefacer diario.

O interese particular ou privado de cada un de nós non ten porque ser igual que o interese público ou colectivo, que é aquel que lle afecta á sociedade (por exemplo, que as praias estean limpas e coidadas para que todos gocemos delas).

- A sociedade civil é a formada por toda a cidadanía, sexa cal sexa o lugar onde viva.
- Ocuparémonos de como debe actuar a **SOCIEDADE CIVIL** (cada un de nós) en relación co **INTERESE PÚBLICO** (o de todos).
- Os nosos **ALICERCES** serán:



A ÉTICA



A INTEGRIDADE




A TRANSPARENCIA

A ÉTICA

É o conxunto de normas morais que rexen a conduta da persoa en calquera ámbito da vida. Hai unha ética pública ou institucional, que fai referencia ás institucións e aos poderes públicos; e unha ética privada, relativa ao ámbito privado.

Ética pública e ética privada interconexiónanse nas relacións que se establecen entre a cidadanía e as institucións públicas.



Así, cando nos relacionamos coas institucións públicas, os cidadáns e as cidadás sometémonos a unhas normas xurídicas; pero tamén existen unhas normas morais que actúan de “barreira” fronte a posibles abusos.



Para saber máis

Artigo: Segura, feliz e libre: É Finlandia o mellor país do mundo para vivir?

https://www.eldiario.es/theguardian/Segura-feliz-libre-Finlandia-respuestas_0_740526748.html



A INTEGRIDADE

É unha calidade; integridade significa ser íntegro. **A Real Academia Española (RAE) define unha persoa íntegra como persoa recta e intachable.** A integridade é esixible de todas as persoas e, en consecuencia, esta calidade pódeseelles esixir tanto aos poderes públicos como á sociedade civil.



Un dos grandes fitos para promover a integridade no ámbito global constitúeo **A CONVENCIÓN DE NACIONS UNIDAS CONTRA A CORRUPCIÓN** adoptada en 2003 pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas, e que foi ratificada por España en 2006.

A TRANSPARENCIA

Fai referencia a aquilo que se comprende con claridade, sen dúbida nin ambigüidade.



- **Canta maior transparencia existe, menores son as posibilidades de que a corrupción se produza.** A transparencia é unha ferramenta para prever a corrupción.
- Existen leis de transparencia que lles afectan aos poderes e ás institucións públicas.

As leis de transparencia obrigan as institucións públicas a publicar nos seus **portais de transparencia ou sitios web** determinados datos para que sexan coñecidos por toda a cidadanía. Así, por exemplo, débense publicar as retribucións dos altos cargos.

Ademais, tamén **a cidadanía pode solicitar o acceso á información** que figure en poder das institucións públicas de acordo cunha serie de requisitos.

 EN CONCLUSIÓN

Ética, integridade e transparencia forman o que se chama “cultura de integridade” dunha sociedade. Pero para chegar a unha **sociedade civil íntegra** fai falta un cuarto elemento, que descubriremos nesta unidade.

AS CATRO PATAS DUNHA SOCIEDADE CIVIL ÍNTEGRA





Programación: sección 1



OBXECTIVOS:

- Coñecer os alicerces básicos da relación entre a sociedade civil e o interese público.
- Comprender a diferenza e interconexión entre a ética pública e a ética privada.
- Asumir a importancia da integridade e a transparencia para a construción social dunha cultura da integridade.
- Comprender fenómenos complexos nos que se ve comprometida a cultura da integridade no ámbito social ou colectivo, adoptando unha actitude empática que permita entender os diferentes puntos de vista implicados, e asertiva para defender a posición persoal e social íntegra.



CONTIDOS:

- Concepto de sociedade civil.
- O interese público e a súa importancia para a sociedade.
- Alicerces da cultura da integridade: ética, integridade e transparencia.
- Argumentación desde a escoita activa en caso de intereses en conflito.
- Actitude íntegra na análise de situacións reais con intereses en conflito.

**COMPETENCIAS CLAVE:**

Esta sección, ademais de contribuír á Competencia Social e Cívica (CSC) contribúe ao desenvolvemento da Competencia en Comunicación Lingüística (CCL) e ao Sentido da Iniciativa e Espírito Emprendedor (SIE).

**MÉTODOS E CRITERIOS DE AVALIACIÓN:**

A avaliación realizarase mediante a observación do desenvolvemento da actividade verificando que o alumnado:

- Utiliza con coherencia e pertinencia os conceptos tratados na sección.
- Participa activamente na actividade respectando as regras marcadas para o desenvolvemento da dita actividade.
- É capaz de poñerse no lugar que corresponde ao seu rol e desenvolver desde el argumentos acordes coa realidade social.
- Valora criticamente os diferentes puntos de vista achegados desde unha perspectiva de ética e integridade.

**METODOLOXÍA E TEMPORIZACIÓN:**

Esta sección desenvolverase ao longo de dúas sesións de 50 minutos cada unha, combinando a instrución directa e a actividade práctica e reflexiva de maneira que o alumnado poida enfrontarse nun contexto simulado a problemas sociais reais.



Actividades

1.ª sesión - Estudo dos contidos teóricos

- Indagar nos coñecementos previos do alumnado acerca da materia que imos tratar identificando que significan (explícita ou implicitamente) termos como ética, integridade, transparencia... (5')
- Presentar os contidos teóricos mediante a técnica expositiva e dialóxica. (30')
- Presentar o caso práctico que se vai tratar (**o furtivismo**) repartindo os diferentes roles da seguinte sesión para que o alumnado teña a posibilidade de preparar minimamente a súa intervención, indagar, buscar puntos de vista reais etc. (15')

Expoñeremos cun exemplo sinxelo a importancia que ten a conduta cidadá en relación co interese público ou colectivo. Esta actividade pretende introducir o alumnado no contido exposto e concienciar da importancia que teñen as nosas condutas en cuestións de interese público. Empregaremos para iso un exemplo concreto no que se incida sobre a importancia que a concienciación cidadá ten ante o fenómeno do furtivismo. Cada grupo de alumnos poderá representar os intereses de cada un dos sectores implicados: a confraría de mariscadoras, o servizo de vixilancia pesqueira, os furtivos (neste caso, veraneantes), os habitantes da zona etc. A profundidade da tarefa será adaptada polo profesorado en función do curso concreto e nivel de desenvolvemento ao que vai destinado.

2.ª sesión - Xogo de rol e reflexión final

- Debate mediante a metodoloxía do xogo de rol. A actividade desenvolverase na aula con todos os seus integrantes. Cada grupo de alumnos representará os intereses de cada un dos sectores implicados segundo a asignación do día anterior. O tempo total de debate estará limitado a 30' e o alumnado deberá ter presente en todo momento o tempo restante para poder encamiñar o debate para pechar temas.

- Unha vez terminado o tempo de debate, iníciase unha actividade de reflexión (15') na que o alumnado expoñerá aspectos clave como:
 - Identificaste coa opinión que defendiches? Por que?
 - Como cres que se sentía a parte contraria?
 - Que se podería facer desde os poderes públicos para reducir ou eliminar esta situación de conflito?
 - Que cres que poden facer as persoas para evitar esta situación problemática?
 - Como cres que se relaciona a cuestión que debatestes hoxe cos conceptos que vimos o día anterior?
- Exposición de conclusións. Finalmente, e con axuda do profesorado, farase un breve *feedback* de peche en grupo (5').



Recursos didácticos

Valórase a dispoñibilidade dun dispositivo, preferentemente con conexión a Internet e, se é posible, canón proxector, para visualizar presentacións ou vídeos se o profesorado o estima necesario.

A continuación recóllense unha serie de recursos dispoñibles en liña, e que o profesor poderá empregar ao seu libre criterio, para presentar a cuestión e suscitar o debate.



Recursos

Vídeo: Grupo de Acción Local do sector pesqueiro da ría de Arousa (GALP)

<https://www.youtube.com/watch?v=uuZyvr3UYyM>

Vídeo: Operación Japónica, loita contra o furtivismo

https://www.youtube.com/watch?v=RE_zyCBMLXI

Noticia: Operación Japónica, loita contra o furtivismo

<https://www.europapress.es/galicia/pesca-00247/noticia-furtivismo-galicia-negocio-ya-supera-100600-kilos-mafias-turistas-necesitados-20180902115725.html>

Noticia: o furtivismo galego, único no mundo

<https://www.farodevigo.es/mar/2018/09/09/furtivismo-gallego-unico-mundo/1958484.html>

Unha vez exposto o caso práctico do denominado furtivismo de traxe de baño, propoñerase ao alumnado que debata sobre as posicións dos grupos implicados.

Ficha da actividade

Ficha número 1: Introducción. De que trata esta unidade didáctica?

- **DESCRICIÓN DO CASO CONCRETO:** furtivismo de traxe de baño ou de verán en relación coa actividade económica das mariscadoras con licenza da zona e que residen alí todo o ano.
- **CONTEXTO DE DESENVOLVEMENTO:** poderase traballar sobre algún caso concreto dalgunha praia de Galicia aparecido na prensa.
 - <https://www.farodevigo.es/portada-arousa/2017/08/20/opp20-advierte-banistas-coger-marisco/1736111.html>
 - https://www.lavozdegalicia.es/noticia/vigo/baiona/2008/08/12/sanciones-mariscar-tener-permiso-adecuado-van-150-30000-euros/0003_7054008.htm
- **ELEMENTOS OU GRUPOS DE INTERESE:** identificar os grupos de interese que forman parte do caso concreto de furtivismo de traxe de baño: confraría, que representa os intereses das mariscadoras; servizos de vixilancia pesqueira; veraneantes de fóra da comunidade, que recollen o marisco de modo furtivo e que se atopan na praia; veraneantes locais que se atopan na praia e cuxas familias traballan no sector etc.
- **DEBATE:** cada grupo de alumnos tentará representar os intereses do seu grupo e buscar argumentos que xustifiquen as súas condutas.
- **PREGUNTAS OU COMENTARIOS** dos demais grupos participantes e do titor.
- **EXPOSICIÓN DE CONCLUSIÓN CONTEXTUALIZADAS** do caso, nas que se resuma a situación da poboación afectada e da actividade (consecuencias etc.). Logo dun tempo de debate, o alumnado, coa axuda do profesorado, deberá chegar a unha serie de conclusións sobre como o enfoque de integridade repercute no caso.



En acción: caso práctico

A actividade do marisqueo e o furtivismo de traxe de baño

O marisqueo é a actividade consistente na cría, captura e recollida de moluscos, crustáceos, tunicados, equinodermos e outros invertebrados mariños. Inclúe o mantemento dos parques de cultivo e desenvólvese a pé ou desde embarcación, utilizando en cada zona as artes selectivas tradicionais de captura para cada especie. As principais especies que se capturan son ameixas e berberechos.



É unha actividade de grande importancia social en Galicia, xa que dela dependen (segundo os últimos datos dispoñibles) os ingresos de aproximadamente 3.800 persoas, na súa maioría mulleres (82 %). O valor económico en lonxa alcanzou en 2014 os 53 millóns de euros, correspondentes a 6.000 toneladas de produto.

A actividade de marisqueo está regulada pola Administración. Para poder mariscar, débense solicitar os permisos correspondentes, que outorga a Consellería do Mar da Xunta de Galicia.

O furtivismo prodúcese cando se realiza esta actividade de marisqueo sen contar cos permisos necesarios. Nos sete primeiros meses de 2018, o furtivismo afectou a máis de 100 toneladas de produto. Dentro deste furtivismo inclúese tamén o denominado furtivismo de “traxe de baño” ou de verán, que practican de forma lúdica e como distracción os usuarios que acoden á praia— orixinariamente— por lecer, para bañarse e tomar o sol.

• PRINCIPALES CONSECUENCIAS DO FURTIVISMO



LABORAIS

Aumenta o paro nas comarcas onde se desenvolve.



SOCIAIS

Afecta ao ámbito feminino principalmente coas consecuencias negativas respecto á igualdade de xénero no desenvolvemento de oportunidades.

Aféctalle de forma negativa ao ámbito rural, onde se enmarcan moitas destas comarcas.



AMBIENTAIS

Impide a sustentabilidade dos recursos nas especies mariscadas polos furtivos.



ECONÓMICAS

Afecta á libre competencia. Detrae do sistema regulado e da súa cadea de valor (produtores, depuradoras, comercializadores etc.) ingresos para as familias e para o consumo local (en detrimento do comercio da zona, servizos de hostalaría e lecer etc.) e para a Administración (ingresos públicos que poderían utilizarse para financiar servizos públicos: educación, sanidade etc.).



SANITARIAS

A comercialización do marisco, prescindindo das canles legalmente establecidas, afecta á saúde da poboación porque poden presentarse problemas de seguridade alimentaria e de toxicidade, derivados das mareas vermellas e da falta de depuración.



Existen dous tipos de normas aplicables a este caso concreto do furtivismo; as normas xurídicas (que poden ser penais: delito e as súas penas; ou administrativas: sanción administrativa e multa) e as normas morais que teñen, se cabe, unha maior importancia que as xurídicas.

Se existise, como noutros países, unha conciencia arraigada socialmente de que o furtivismo é unha inxustiza social que afecta gravemente a un sector da poboación maioritariamente rural, e en especial ás mulleres que desempeñan este tipo de actividades, esta norma moral tería unha repercusión maior que calquera norma xurídica que se poida implantar.

De aquí a campaña de concienciación que a Consellería do Mar puxo en funcionamento no verán de 2018, e que leva por título: “Non sexas pirata!”, contra o furtivismo de traxe de baño.



No caso do furtivismo entran en acción moitos dos elementos que vimos nesta sección. Hai intereses enfrontados e non sempre é fácil determinar cal é a actitude ética e integramente adecuada. Ademais, ao non existir unha arraigada conciencia social ao respecto deste problema, danse discusións e rifas con puntos de vista contrapostos.

Imos tratar de ver cales son eses intereses, que opina cada un dos colectivos implicados e como pode tratarse o furtivismo socialmente para lograr un comportamento social axeitado.

Dividirédesvos en grupos e a cada un corresponderalle representar un colectivo. Trata de ser o máis realista posible. Para iso ti e o teu grupo podedes buscar información adicional en redes ou solicitar opinións reais da vosa contorna de cara ao debate.

Non perdades de vista, ademais, que o debate ten un tempo limitado, así que é importante que a discusión avance e non vos enrededes en disputas improdutivas.

Lembrede que se trata de ver as diferenzas, pero hai que tentar achegar posturas e chegar a acordos. Debedes manter unha actitude construtiva e positiva. Todo o mundo ten dereito a ser escoitado e ningún colectivo ten a solución a todos os aspectos dun problema social complexo como este.



EN CONCLUSIÓN

- A cultura de integridade ten grande importancia na actualidade e dela son responsables tanto o Estado (os poderes públicos) como a sociedade civil.

Preguntas sección 1

- 1 Que é a sociedade civil? (definición)
- 2 Cales son os alicerces sobre os que debe fundamentarse a sociedade civil?
- 3 Cal é o nome dun dos grandes fitos para promover a integridade no ámbito global?
- 4 En que ano foi adoptada a anterior convención (á que se refire a pregunta anterior) pola Asemblea Xeral de Nacións Unidas e en que ano foi ratificada por España?

ÉTICA, INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA. INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA, ÉTICA. TRANSPARENCIA. INTEGR
ÉTICA, INTEGRIDADE, **TRANSPARENCIA**. ÉTICA, INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA. INTEGRIDADE, TRANSPAR
TRANSPARENCIA. INTEGRIDADE, ÉTICA. ÉTICA, INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA. **ÉTICA**, INTEGRIDADE, TRA
INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA, ÉTICA. **TRANSPARENCIA**. INTEGRIDADE, ÉTICA. ÉTICA, INTEGRIDADE, TRA
ÉTICA, INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA. INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA, ÉTICA. TRANSPARENCIA. INTEGR
ÉTICA, INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA. **ÉTICA**, INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA. INTEGRIDADE, TRANSPAR
TRANSPARENCIA. INTEGRIDADE, ÉTICA. ÉTICA, **INTEGRIDADE**, TRANSPARENCIA. ÉTICA, INTEGRIDADE, TRA
INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA, ÉTICA. TRANSPARENCIA. INTEGRIDADE, ÉTICA. ÉTICA, INTEGRIDADE, TRA
ÉTICA, INTEGRIDADE, **TRANSPARENCIA**. INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA, ÉTICA. TRANSPARENCIA. **INTEGR**

CADERNO PARA O PROFESORADO

ÉTICA, INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA. INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA, **ÉTICA**. TRANSPARENCIA. INTEGR
ÉTICA, INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA. ÉTICA, INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA. INTEGRIDADE, TRANSPAR
TRANSPARENCIA. INTEGRIDADE, ÉTICA. ÉTICA, INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA. ÉTICA, INTEGRIDADE, TRA
INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA, **ÉTICA**. TRANSPARENCIA. **INTEGRIDADE**, ÉTICA. ÉTICA, INTEGRIDADE, **TRA**
ÉTICA, INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA. INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA, ÉTICA. TRANSPARENCIA. INTEGR
ÉTICA, INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA. ÉTICA, INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA. INTEGRIDADE, TRANSPAR
TRANSPARENCIA. **INTEGRIDADE**, ÉTICA. ÉTICA, INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA. ÉTICA, INTEGRIDADE, TRA
INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA, ÉTICA. TRANSPARENCIA. INTEGRIDADE, ÉTICA. ÉTICA, INTEGRIDADE, TRA
ÉTICA, INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA. INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA, ÉTICA. **TRANSPARENCIA**. INTEGR
ÉTICA, INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA. ÉTICA, INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA. INTEGRIDADE, TRANSPAR



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

Consello de Contas
de Galicia




UNIDADE DIDÁCTICA

SECCIÓN 2

CADERNO PARA O PROFESORADO

Que é a corrupción?

A corrupción é un fenómeno social, cultural, económico e político que supón un prexuízo grave para as sociedades modernas, danando valores democráticos esenciais como a liberdade, a xustiza e a igualdade e freando o desenvolvemento da economía nos países que a sofren. Ten **unha dimensión global**, xa que afecta a moitos países no ámbito mundial.



A corrupción pode definirse como **calquera abuso de poder realizado por unha persoa ou grupo organizado co fin de obter ganancias ou beneficios** de diversa índole para si mesma ou para terceiros.



Para que exista corrupción son necesarios os **seguintes elementos**:



ABUSO

por parte do que efectúa a acción corrupta. Segundo a Real Academia Española (RAE), abusar é facer un uso excesivo, inxusto ou indebido de algo ou de alguén.



PODER

xa que o abuso debe producirse mentres se ten atribuída unha facultade ou poder para facer algo.

A acción corrupta pode ser executada por unha persoa ou por un grupo de persoas de forma organizada.



OBTENCIÓN DUNHA GANANCIA OU BENEFICIO

que pode ser económico ou doutro tipo.



DESTINATARIOS FINAIS

Os destinatarios finais que se benefician pola acción corrupta poden ser tanto os que executan a acción como outros aos que se desexa beneficiar.

Tipos de corrupción: existen diversas clasificacións da corrupción, segundo o punto de vista que se utilice.

POLO SUXEITO	POLO NÚMERO DE PERSOAS
• CORRUPCIÓN PÚBLICA <i>(por exemplo, un concelleiro dun concello)</i> • CORRUPCIÓN PRIVADA <i>(por exemplo, un empresario ou un usuario dun servizo)</i>	• CORRUPCIÓN INDIVIDUAL <i>(por exemplo, unha soa persoa desenvolve os actos de corrupción)</i> • CORRUPCIÓN COLECTIVA <i>(por exemplo, varias persoas desenvolven os actos de corrupción)</i>

Unha das **clasificacións máis utilizadas** é:



Corrupción branca, que é a consentida ou admitida pola sociedade.



Corrupción gris, que é a que uns consenten e outros rexeitan.



Corrupción negra, que é a que todos rexeitan.

Cómpre **poñer barreiras** que disuadan os que pretendan cometer estas accións corruptas e que existan castigos ou sancións cando se realizan, xa que así se evita a denominada **“impunidade”**, que se produce cando non hai consecuencias negativas para os que efectúan estas accións e fai que a corrupción aumente.



EN CONCLUSIÓN

A corrupción é un fenómeno complexo, que se pode encadrar en distintas tipoloxías, que dana os valores democráticos e o crecemento económico e que prospera cando a impunidade é alta.



Programación: sección 2



OBXECTIVOS:

- Coñecer os elementos que definen a corrupción.
- Comprender a diferenza e interconexión entre os diferentes tipos de corrupción.
- Reflexionar sobre a importancia da corrupción como fenómeno global.



CONTIDOS:

- Concepto de corrupción: características e tipos.
- Corrupción, ética e percepción social.
- A corrupción nos medios de comunicación.



COMPETENCIAS CLAVE:

Esta sección, ademais de contribuír á Competencia Social e Cívica (CSC), contribúe ao desenvolvemento da Competencia en Comunicación Lingüística (CCL), á Competencia Dixital (CD) e á Competencia en Aprender a Aprender (CPAA).



MÉTODOS E CRITERIOS DE AVALIACIÓN:

A avaliación realizarase mediante a observación do desenvolvemento da actividade e a execución do informe final, verificando que o alumnado:

- Utiliza con coherencia e pertinencia os conceptos estudados na sección.
- Participa activamente na actividade respectando as regras marcadas para o desenvolvemento da dita actividade.
- É capaz de analizar a noticia de modo crítico e desde diferentes puntos de vista, distinguindo os feitos das apreciacións persoais do redactor ou das persoas interpeladas.
- Valora a situación desde unha perspectiva de ética e integridade.
- Plasma tanto os consensos como os desacordos de modo coherente e tolerante.



METODOLOXÍA E TEMPORIZACIÓN:

Esta sección desenvolverase ao longo dunha sesión de, polo menos, 50 minutos de duración, combinando a instrución directa e a actividade práctica e reflexiva de maneira que o alumnado poida enfrontarse a un contexto de análise e argumentación coas ferramentas conceptuais, procedementais e actitudinais suficientes.



Actividades

1.ª actividade (15') - Análise dos contidos teóricos

- Indagar nos coñecementos previos do alumnado acerca da materia que se vai tratar, identificando que evoca no imaxinario individual e colectivo do alumnado (tanto de modo explícito como implícito) o termo corrupción e os seus derivados. (5')
- Presentar os contidos teóricos mediante a técnica expositiva e dialóxica. (10')

2.ª actividade (30') - Análise de prensa

A corrupción é un fenómeno complexo existente desde que os homes se comezan a organizar en sociedades. A súa importancia vai crescendo gradualmente a medida que o mundo se desenvolve e alcanza o seu apoxeo co nacemento do concepto “mundo globalizado”. A inexistencia de fronteiras, propiciada polo desenvolvemento das novas tecnoloxías e a rapidez das transaccións comerciais e económicas internacionais, xoga un papel primordial para o desenvolvemento deste fenómeno global.

Esta actividade pretende introducir o alumnado no estudo da corrupción como “fenómeno global” desde o punto de vista práctico. A profundidade da tarefa deseñarase e desenvolverase en función do curso concreto ao que vai destinada.

- Organízase a clase en grupos de 3 a 5 alumnas/os.
- A cada grupo asignaráselle un país distinto procurando que estean representados os cinco continentes. Cada grupo deberá buscar unha noticia de prensa de actualidade que describa un caso de corrupción do país asignado. O grupo deberá analizar a noticia en función dos parámetros descritos na seguinte ficha de análise proposta, que se presentará a modo de informe acordado polo grupo.
- Cada grupo entregará un pequeno informe no que se recollerá o resultado da análise da noticia de prensa elixida.

No caso de non dispoñer de acceso a Internet para todos os grupos, o/a docente poderá realizar unha selección previa de noticias e asignárllelas ao azar aos diferentes grupos.

3.^a actividade (5') - Exposición de conclusións

Finalmente e coa axuda do profesorado, farase un breve *feed-back* de peche en grupo. (5')

En caso de estenderse a actividade de análise de prensa, ou de pedirllas aos grupos que completen a tarefa para a seguinte sesión, esta actividade de *feed-back* pode trasladarse como actividade de apertura da sección 3.

Recursos didácticos

Valórase a dispoñibilidade dun dispositivo, preferentemente con conexión a Internet e, se é posible, canón proxector, para visualizar presentacións ou vídeos se o profesorado o estima necesario.

A continuación recóllense unha serie de recursos dispoñibles en liña que inciden na consideración da corrupción como un “fenómeno global” e que lle permiten ao profesorado familiarizarse cos termos empregados nesta sección. O/A docente poderá empregalos ao seu libre criterio para presentar a cuestión e orientar o traballo de análise.



Recursos

Vídeo: vídeo sobre corrupción

<https://www.youtube.com/watch?v=CmzAX8VOr8w>

Artigo de revista:

<https://www.lavanguardia.com/opinion/20160319/40542319188/la-corrupcion-problema-global.html>

Guía de termos:

<https://transparencia.org.es/wp-content/uploads/2014/10/Gu%C3%ADa-de-lenguaje-claro-sobre-lucha-contra-la-corrupci%C3%B3n.pdf>



Unha vez exposta a actividade, pediráselle ao alumnado que cubra a seguinte ficha en relación coa análise da noticia elixida ou asignada, a modo de informe.

Ficha da actividade

Ficha número 2: A corrupción

- **CONCEPTO:** descrición do caso concreto. Ámbito material: sanidade, traballo, economía etc.
- **CONTEXTO DE DESENVOLVEMENTO:** situación económico-social do país do que se trate. Extensión, número de habitantes, organización territorial, tipo de goberno existente etc.
- **ELEMENTOS:** identificación dos elementos que forman parte do caso concreto de corrupción. Identificación das causas que o propician.
- **TIPOLOXÍA DO CASO:** análise dos diversos tipos de corrupción nos que se podería encadrar o caso concreto, tendo en conta as clasificacións expostas na sección ou outras que os grupos poidan achegar.
- **PREGUNTAS:** que se cuestiona o grupo en relación co caso analizado. Que outra información buscarían/destacarían?, que outros puntos de vista solicitarían?, que consellos de expertos consultarían?
- **COMENTARIOS** dos demais grupos participantes e do titor.
- **EXPOSICIÓN DE CONCLUSIÓNS RAZOADAS** do caso, tendo en conta o contexto concreto do país en que se desenvolve a noticia.

En acción: caso práctico

A corrupción nos medios



A corrupción é un fenómeno complexo existente desde que os homes se empezan a organizar en sociedades. A súa importancia vai crescendo gradualmente a medida que o mundo se desenvolve e alcanza o seu apoxeo co nacemento do concepto “mundo globalizado”.

A inexistencia de fronteiras, propiciada polo desenvolvemento das novas tecnoloxías e a rapidez das transaccións comerciais e económicas internacionais, xoga un papel primordial para o desenvolvemento deste fenómeno global.

Imos analizar o fenómeno da corrupción no mundo desde unha perspectiva global e o tratamento que dela fan os medios de comunicación.

Dividirédesvos en grupos para analizar unha noticia sobre corrupción. Á hora de analizala tede en conta que o contexto social (de que país estamos a falar, que usos e costumes ten, cal é a súa historia, que valores éticos cres que prevalecen nel) é moi importante. Tede en conta tamén que rara vez os medios de comunicación presentan as noticias de modo totalmente aséptico (os feitos e só os feitos) e que, a miúdo, a ideoloxía de quen asina a noticia, a liña editorial do medio de comunicación e toda unha diversidade de factores inflúen no tratamento informativo que se lle dá ao feito ou situación analizada.

Para guiar a vosa análise contades con esta ficha, que deberedes entregar a modo de informe. Lembraide que as respostas que trasladedes á ficha deben acordarse por consenso do grupo e que, se non hai acordo, debesed plasmalo tamén.



Ficha da actividade

Ficha número 2: A corrupción

- **CONCEPTO:** descrición do caso concreto. Ámbito material: sanidade, traballo, economía etc.
- **CONTEXTO DE DESENVOLVEMENTO:** situación económico-social do país do que se trate. Extensión, número de habitantes, organización territorial, tipo de goberno existente etc.
- **ELEMENTOS:** identificación dos elementos que forman parte do caso concreto de corrupción. Identificación das causas que o propician.
- **TIPOLOXÍA DO CASO:** análise dos diversos tipos de corrupción nos que se podería encadrar o caso concreto, tendo en conta as clasificacións expostas na sección ou outras que os grupos poidan achegar.
- **PREGUNTAS:** que se cuestiona o grupo en relación co caso analizado. Que outra información buscarías/destacarías?, que outros puntos de vista solicitarías?, que consellos de expertos consultarías?
- **COMENTARIOS** dos demais grupos participantes e do titor.
- **EXPOSICIÓN DE CONCLUSIÓN RAZOADAS** do caso, tendo en conta o contexto concreto do país en que se desenvolve a noticia.

Preguntas sección 2

- 1 Que é a corrupción? (definición)
- 2 Cales son os elementos da corrupción?
- 3 Sinala dous tipos de corrupción que coñezas.
- 4 Define o concepto de impunidad.

ÉTICA, INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA. INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA, ÉTICA. TRANSPARENCIA. INTEGR
ÉTICA, INTEGRIDADE, **TRANSPARENCIA**. ÉTICA, INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA. INTEGRIDADE, TRANSPAR
TRANSPARENCIA. INTEGRIDADE, ÉTICA. ÉTICA, INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA. **ÉTICA**, INTEGRIDADE, TRA
INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA, ÉTICA. **TRANSPARENCIA**. INTEGRIDADE, ÉTICA. ÉTICA, INTEGRIDADE, TRA
ÉTICA, INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA. INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA, ÉTICA. TRANSPARENCIA. INTEGR
ÉTICA, INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA. **ÉTICA**, INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA. INTEGRIDADE, TRANSPAR
TRANSPARENCIA. INTEGRIDADE, ÉTICA. ÉTICA, **INTEGRIDADE**, TRANSPARENCIA. ÉTICA, INTEGRIDADE, TRA
INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA, ÉTICA. TRANSPARENCIA. INTEGRIDADE, ÉTICA. ÉTICA, INTEGRIDADE, TRA
ÉTICA, INTEGRIDADE, **TRANSPARENCIA**. INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA, ÉTICA. TRANSPARENCIA. **INTEGR**

CADERNO PARA O PROFESORADO

ÉTICA, INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA. INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA, **ÉTICA**. TRANSPARENCIA. INTEGR
ÉTICA, INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA. ÉTICA, INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA. INTEGRIDADE, TRANSPAR
TRANSPARENCIA. INTEGRIDADE, ÉTICA. ÉTICA, INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA. ÉTICA, INTEGRIDADE, TRA
INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA, **ÉTICA**. TRANSPARENCIA. **INTEGRIDADE**, ÉTICA. ÉTICA, INTEGRIDADE, **TRA**
ÉTICA, INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA. INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA, ÉTICA. TRANSPARENCIA. INTEGR
ÉTICA, INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA. ÉTICA, INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA. INTEGRIDADE, TRANSPAR
TRANSPARENCIA. **INTEGRIDADE**, ÉTICA. ÉTICA, INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA. ÉTICA, INTEGRIDADE, TRA
INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA, ÉTICA. TRANSPARENCIA. INTEGRIDADE, ÉTICA. ÉTICA, INTEGRIDADE, TRA
ÉTICA, INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA. INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA, ÉTICA. **TRANSPARENCIA**. INTEGR
ÉTICA, INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA. ÉTICA, INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA. INTEGRIDADE, TRANSPAR



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

Consello de Contas
de Galicia



A CULTURA DA INTEGRIDADE E O COMPORTAMENTO ÉTICO DA SOCIEDADE CIVIL NAS SUAS RELACIÓNS COS PODERES PÚBLICOS

UNIDADE DIDÁCTICA

SECCIÓN 3

A ÉTICA NAS RELACIÓNS DA CIDADANÍA COS PODERES PÚBLICOS

CADERNO PARA O PROFESORADO



A ética nas relacións da cidadanía cos poderes públicos



A **ética** é o conxunto de normas morais que guían a conduta da persoa en calquera ámbito da vida.

Nas relacións entre as institucións públicas e a cidadanía existe un compoñente ético.

Para as institucións públicas existen os chamados **códigos éticos**, que incorporan normas de conduta ou de comportamento para que a actuación dos empregados públicos sexa conforme cuns principios ou **valores éticos**. A súa finalidade é previr actuacións incorrectas.

Tamén existen códigos éticos que afectan a colectivos profesionais (avogados, médicos etc.), asociacións, ONG etc.

Os cidadáns temos dereitos, pero tamén temos obrigas éticas.

Compartimos a responsabilidade de conseguir o ben, non só o propio ou individual, senón tamén o ben colectivo ou social.

A ÉTICA CIDADÁ debe guiar os nosos actos para cumprir cos nosos deberes cidadáns.

Algunhas veces as normas non establecen sancións directas ante as condutas inadecuadas da cidadanía. Por exemplo, se as familias non reciclan os residuos domésticos, ou o fan incorrectamente, non hai multas nin sancións. Nestes casos os valores éticos son os que deben guiar as nosas actuacións.



Os **VALORES ÉTICOS** están presentes nas relacións entre as institucións públicas e a cidadanía. Algúns destes son:

liberdade | xustiza e igualdade | respecto | diálogo | solidariedade
compaixón | tolerancia | equidade | responsabilidade | humildade
comprensión | integridade | rigor | lealdade | honestidade | sustentabilidade

e afectan a sectores variados como, por exemplo: a sanidade, a educación, o deporte, a economía e o medio ambiente.



Vexamos algúns exemplos prácticos de **ética cidadá**:



ECONOMÍA

EXEMPLO: declaración IRPF: ocultación de rendas

Existe norma xurídica aplicable? - **SI**

EFECTO: minoración de ingresos. Menos recursos para atender servizos públicos: educación, sanidade, pensións etc.

Existe sanción administrativa? - **SI**

VALORES ÉTICOS

*Honestidade,
xustiza, solidaridade
etc.*



MEDIO AMBIENTE

EXEMPLO: reciclaxe do lixo. Non separar os residuos

Existe norma xurídica aplicable? - **SI**

EFECTO: dano ambiental. Encarecemento do sistema de reciclaxe

Existe sanción administrativa? - **NON**

VALORES ÉTICOS

*Responsabilidade,
sustentabilidade,
respecto etc.*



EN CONCLUSIÓN

Os valores éticos contribúen a formar sociedades máis xustas e libres, favorecendo a felicidade persoal e con iso o benestar social ou colectivo.



Programación: sección 3



OBXECTIVOS:

- Explicitar algúns dos principios éticos do alumnado e a súa contorna.
- Orientar os principios éticos desde a conciencia social e a ética pública.
- Favorecer a coherencia entre os principios éticos e a conduta efectiva.
- Fomentar o pensamento consecuencial do alumnado.



CONTIDOS:

- A ética: principios e conduta.
- A relación entre a toma de decisións e as súas consecuencias persoais e sociais.



COMPETENCIAS CLAVE:

Esta sección, ademais de contribuír á Competencia Social e Cívica (CSC), contribúe ao desenvolvemento do Sentido da Iniciativa e Espírito Emprendedor (SIE) e da Competencia en Comunicación Lingüística (CCL).



MÉTODOS E CRITERIOS DE AVALIACIÓN:

A avaliación realizarase mediante a observación do desenvolvemento da actividade verificando que o alumnado:

- Utiliza con coherencia e pertinencia os conceptos estudados na sección.
- Participa activamente na actividade respectando as regras marcadas para o desenvolvemento da dita actividade.
- É capaz de poñer exemplos e expoñer casuísticas adecuadas ao propósito da actividade.
- Valora os exemplos presentados a debate desde unha perspectiva de ética e de integridade.



METODOLOXÍA E TEMPORIZACIÓN:

Esta sección desenvolverase ao longo dunha ou dúas sesións de, polo menos, 50 minutos de duración, combinando a instrución directa e a actividade práctica e reflexiva de maneira que o alumnado poida enfrontarse a un contexto de análise e argumentación coas ferramentas conceptuais, procedementais e actitudinais suficientes.



Actividades

1.^a actividade (15') - Análise dos contidos teóricos

- Explicitar os fundamentos dos principios éticos do alumnado, sexan ou non maioritarios na contorna. (5')
- Presentar os contidos teóricos mediante a técnica expositiva e dialóxica. (10')

2.^a actividade (35') - Reflexión individual e entrega ou exposición

A tarefa desenvolverase de forma individual. O alumnado deberá de buscar na súa casa exemplos da vida cotiá de relacións entre cidadanía e institucións públicas nos que sexan de aplicación valores éticos. Previamente o profesorado seleccionará o campo de actividade asignado a cada alumno para evitar que queden áreas de interese sen tratar.

Nos exemplos que se propoñan, o alumnado analizará o caso ou exemplo concreto que eles mesmos escollan, en relación co campo de actividade asignado, efectuando unha descrición da conduta que consideran inapropiada desde o punto de vista ético e os valores éticos aplicables, explicando se consideran que debe existir algunha norma xurídica que recolla o caso exposto e, de ser o caso, se establecerían algunha sanción penal ou administrativa.

Logo dunha reflexión individual (para a que contarán coa guía da ficha número 3), farase unha breve exposición pública por parte de todo o alumnado (ou de alumnado voluntario no caso de non ser suficiente o tempo dispoñible, nese caso a ficha entregarase á/ao docente para a avaliación da actividade).

3.^a actividade (segunda sesión opcional) - Exposición e debate

Optativamente, pode dedicarse unha segunda sesión a completar a exposición das reflexións do alumnado e iniciar logo un debate sobre aqueles aspectos nos que exista unha maior disonancia entre os principios éticos do grupo ou con respecto aos principios que comunmente consideramos como desexables na nosa contorna social e cultural.

Recursos didácticos

A continuación recóllese a ligazón ao libro *Educación, valores y ciudadanía* (ano 2011) da Organización de Estados Iberoamericanos (OEI) para a Educación, a Ciencia e a Cultura. O libro enmárcase no programa da OEI, Metas Educativas 2021. O traballo, destinado a xestores educativos, recolle diversos aspectos relacionados cos valores e a educación, e o profesorado pode consultar e atopar diversas cuestións do seu interese relacionadas coa educación en valores cidadáns.



Recursos

Libro: *Educación, valores y ciudadanía*. Organización de Estados Iberoamericanos (OEI). Ano 2011

<https://www.oei.es/historico/noticias/spip.php?article9288>

Como apoio, tanto á presentación de contidos como á reflexión e ao debate, poden ser de utilidade as seguintes ligazóns.



Para pensar máis

Vídeo: utilización responsable de sistema sanitario público

<https://www.youtube.com/watch?v=3YBgfwISDfw>

Vídeo: reducción residuos alimentarios

<https://www.youtube.com/watch?v=dWH0vA-o6AE>

Web: reducción de residuos alimentarios

<http://www.sogama.gal/gl/node/4303>

Exemplo de código ético: Consello de Contas

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2017/20171212/AnuncioO10-301117-0001_gl.html



Para axudar á reflexión e exposición oral ou escrita, facilitaráselle ao alumnado a seguinte ficha-guía:

Ficha da actividade

Ficha número 3: Valores e principios éticos

- **CAMPOS DE ACTIVIDADE:** deportes, sanidade, educación, traballo, economía, medio ambiente, transporte público, pesca, caza, sector forestal, emigración, enerxía, utilización do dominio público: praias, mobiliario urbano etc.
- **DESCRICIÓN DO CASO CONCRETO:** conduta de que se trata.
- **ELEMENTOS:** identificar os elementos que forman parte do caso concreto.
- **VALORES E PRINCIPIOS ÉTICOS:** aplicables á concreta situación exposta.
- **BREVE ANÁLISE** sobre se consideran necesario que exista unha norma xurídica e unha sanción ou se preferirían aplicar só unha norma moral.
- **PREGUNTAS OU COMENTARIOS** dos demais alumnos e do titor.
- **EXPOSICIÓN DE CONCLUSIÓN**s do caso concreto.

En acción: caso práctico

As relacións entre a cidadanía e as institucións públicas



Os cidadáns relacionámonos na nosa actividade cotiá coas institucións públicas e xorde unha diversa casuística na que ten aplicación a denominada ética cidadá ou ética cívica.

Os cidadáns temos dereitos pero tamén deberes éticos nas nosas relacións coas institucións públicas. Centrarémonos así nesta actividade na “ética cidadá” e na súa aplicación práctica. Analizaranse, no caso concreto, estes valores éticos que deben de orientar e guiar a cidadanía nas súas relacións coas institucións públicas.

Hai múltiples relacións entre a cidadanía e as institucións públicas nas que entran en xogo os valores éticos aos que nos referimos nesta sección e non sempre é fácil determinar cal é a actitude ética e integramente adecuada. Algunhas veces neste sentido, danse discusións e rifas con puntos de vista contrapostos.

A tarefa desenvolverase de forma individual. Deberedes pensar en exemplos da vida cotiá que ilustren relacións entre a cidadanía e as institucións públicas nos que sexan de aplicación valores éticos para que entre todos desenvolvamos todos os ámbitos da nosa vida diaria; o profesorado asignaravos un campo de actividade (deportes, sanidade, educación, traballo, economía, medio ambiente, transporte público, pesca, caza, sector forestal, emigración, enerxía, utilización do



dominio público: praias, mobiliario urbano etc.).

Ides analizar o caso que poñades como exemplo describindo a conduta que consideredes inadecuada desde o punto de vista ético e os valores éticos aplicables, explicando se credes que debe existir (ou sabedes que existe) algunha norma xurídica que recolla o caso exposto e, de ser o caso, se estableceríades algunha sanción penal ou administrativa (multa económica, traballos para a comunidade etc.).

Para guiar a análise, contades coa ficha número 3. Se presentades oralmente o voso caso, non perdades de vista que a exposición ten un tempo limitado, así que é importante expoñer os aspectos clave de modo claro e conciso.

Ficha da actividade

Ficha número 3: Valores e principios éticos

- **CAMPOS DE ACTIVIDADE:** deportes, sanidade, educación, traballo, economía, medio ambiente, transporte público, pesca, caza, sector forestal, emigración, enerxía, utilización do dominio público: praias, mobiliario urbano etc.
- **DESCRICIÓN DO CASO CONCRETO:** conduta de que se trata.
- **ELEMENTOS:** identificar os elementos que forman parte do caso concreto.
- **VALORES E PRINCIPIOS ÉTICOS** aplicables á concreta situación exposta.
- **BREVE ANÁLISE:** cres que debería existir unha norma xurídica e unha sanción ou é preferible aplicar tan só unha norma moral?
- **EXPOSICIÓN DE CONCLUSIÓNS** do caso concreto.

Preguntas sección 3

- 1 Que é a ética? (definición).
- 2 Explica brevemente que son os códigos éticos.
- 3 Cita cinco valores éticos.
- 4 Pon un exemplo dunha actuación de ética cidadá.

ÉTICA, INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA. INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA, ÉTICA. TRANSPARENCIA. INTEGR
ÉTICA, INTEGRIDADE, **TRANSPARENCIA**. ÉTICA, INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA. INTEGRIDADE, TRANSPAR
TRANSPARENCIA. INTEGRIDADE, ÉTICA. ÉTICA, INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA. **ÉTICA**, INTEGRIDADE, TRA
INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA, ÉTICA. **TRANSPARENCIA**. INTEGRIDADE, ÉTICA. ÉTICA, INTEGRIDADE, TRA
ÉTICA, INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA. INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA, ÉTICA. TRANSPARENCIA. INTEGR
ÉTICA, INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA. **ÉTICA**, INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA. INTEGRIDADE, TRANSPAR
TRANSPARENCIA. INTEGRIDADE, ÉTICA. ÉTICA, **INTEGRIDADE**, TRANSPARENCIA. ÉTICA, INTEGRIDADE, TRA
INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA, ÉTICA. TRANSPARENCIA. INTEGRIDADE, ÉTICA. ÉTICA, INTEGRIDADE, TRA
ÉTICA, INTEGRIDADE, **TRANSPARENCIA**. INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA, ÉTICA. TRANSPARENCIA. **INTEGR**

CADERNO PARA O PROFESORADO

ÉTICA, INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA. INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA, **ÉTICA**. TRANSPARENCIA. INTEGR
ÉTICA, INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA. ÉTICA, INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA. INTEGRIDADE, TRANSPAR
TRANSPARENCIA. INTEGRIDADE, ÉTICA. ÉTICA, INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA. ÉTICA, INTEGRIDADE, TRA
INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA, **ÉTICA**. TRANSPARENCIA. **INTEGRIDADE**, ÉTICA. ÉTICA, INTEGRIDADE, **TRA**
ÉTICA, INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA. INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA, ÉTICA. TRANSPARENCIA. INTEGR
ÉTICA, INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA. ÉTICA, INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA. INTEGRIDADE, TRANSPAR
TRANSPARENCIA. **INTEGRIDADE**, ÉTICA. ÉTICA, INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA. ÉTICA, INTEGRIDADE, TRA
INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA, ÉTICA. TRANSPARENCIA. INTEGRIDADE, ÉTICA. ÉTICA, INTEGRIDADE, TRA
ÉTICA, INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA. INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA, ÉTICA. **TRANSPARENCIA**. INTEGR
ÉTICA, INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA. ÉTICA, INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA. INTEGRIDADE, TRANSPAR



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

Consello de Contas
de Galicia



A CULTURA DA INTEGRIDADE E O COMPORTAMENTO ÉTICO DA SOCIEDADE CIVIL NAS SÚAS RELACIÓNS COS PODERES PÚBLICOS

UNIDAD DIDÁCTICA
SECCIÓN 4

**A CULTURA DA INTEGRIDADE NA
SOCIEDADE CIVIL**
CADERNO PARA O PROFESORADO



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

Consello de Contas
de Galicia





A cultura de integridade na sociedade civil

Ética, integridade e transparencia son tres alicerces que deben servir de base ás sociedades democráticas avanzadas. Correspóndenos agora nesta sección ocuparnos do segundo alicerce: a integridade.



A **integridade** é unha calidade. A RAE define íntegro como persoa recta e intachable. Como tal calidade, é esixible das persoas na súa condición de cidadáns ou como integrantes das institucións públicas.

A integridade pódeseles esixir aos dous elementos que comprende a sociedade: a cidadanía e as institucións públicas.

A CIDADANÍA

Os cidadáns cando nos relacionamos coas institucións públicas, temos que ser íntegros.

Os cidadáns temos o deber de proporcionar unha información verdadeira, clara e completa en calquera das nosas relacións coas administracións públicas; por exemplo, a que lle proporcionamos á Administración tributaria na declaración da renda (IRPF).

Así mesmo, **os cidadáns debemos evitar a difusión de información confidencial** que coñezamos pola nosa relación coas diversas administracións e os servizos públicos que estas prestan; por exemplo, non se pode difundir unha información relativa a pacientes ingresados que se coñeza por traballar nun hospital público.

AS INSTITUCIÓNS PÚBLICAS

Ademais dos cidadáns, tamén as institucións públicas teñen que ser íntegras.

Enténdese por integridade pública o cumprimento de valores e principios orientados a dar prioridade neste sector aos intereses públicos por encima dos intereses privados.

No campo público, a integridade identifícase coa observancia dos valores e principios de boa administración. Nunha contorna íntegra, os servidores públicos cumprirán coas súas responsabilidades, exercerán as súas funcións e utilizarán os recursos públicos á súa disposición en beneficio do interese xeral ao que serven.


En calquera institución pública poden existir actuacións impropias ou malas prácticas que, sen constituír ilegalidades ou condutas corruptas, sexan contrarias aos principios e valores que inspiran a organización. Os riscos da corrupción son só unha parte dos riscos para a integridade das institucións públicas.





A integridade aseguralle á cidadanía que as institucións públicas están a traballar en favor do interese público. **A integridade é un dos alicerces fundamentais das estruturas políticas, económicas e sociais** e, polo tanto, é esencial para o benestar económico e social, así como para a prosperidade dos individuos e das sociedades no seu conxunto.

Ademais, **favorece que a sociedade sexa máis inclusiva**. Isto significa que os colectivos “vulnerables” (grupos de persoas en situación de posible risco) son tidos en conta pola sociedade: anciáns, persoas con diversidade funcional, emigrantes, parados de longa duración etc.



Polo tanto, non hai sociedade íntegra sen unha cidadanía íntegra. E de igual modo, non hai institucións públicas íntegras sen unha cidadanía íntegra:



A cidadanía debe evitar así situacións de conflitos de interese nas súas relacións coas institucións públicas; por exemplo, nas probas de oposición a unha administración comunicando o aspirante que vai ser avaliado por un familiar próximo.



Nas institucións públicas, os seus representantes deben evitar as causas de incompatibilidade; por exemplo, un funcionario non pode resolver un proceso de solicitude de axudas públicas en materia de deportes cando el mesmo é presidente dun club de fútbol que solicita esa axuda.



EN CONCLUSIÓN

- “A cultura de integridade” esixe non só que as institucións públicas sexan íntegras, senón tamén que a cidadanía o sexa.
- Só cunha cidadanía íntegra é posible que as institucións públicas o sexan, posto que as institucións se nutren de persoas que, en definitiva, son parte da cidadanía.



Para saber máis

Vídeo: o valor da integridade

<https://www.youtube.com/watch?v=UwHMbl2RJ4E>

Vídeo: os beneficios da integridade

<https://www.youtube.com/watch?v=dKJywCFruhY>



Programación: sección 4



OBXECTIVOS:

- Comprender no seu conxunto e interaccións os conceptos de ética, integridade e transparencia.
- Integrar os tres conceptos na interpretación da realidade e a contorna.
- Trasladar esta visión a unha conduta coherente na análise de situacións do día a día.



CONTIDOS:

- A integridade no comportamento da cidadanía: ética e transparencia.
- A integridade nas institucións públicas: ética e transparencia.
- A cultura de integridade



COMPETENCIAS CLAVE:

Esta sección, ademais de contribuír á Competencia Social e Cívica (CSC), contribúe ao desenvolvemento da Competencia en Comunicación Lingüística (CCL) e do Sentido da Iniciativa e Espírito Emprendedor (SIE).



MÉTODOS E CRITERIOS DE AVALIACIÓN:

A avaliación realizarase mediante a observación do desenvolvemento da actividade verificando que o alumnado:

- Utiliza con coherencia e pertinencia os conceptos estudados na sección.
- Participa activamente na actividade respectando as regras marcadas para o desenvolvemento desta.
- É capaz de poñerse no lugar que corresponde ao seu rol e desenvolver, desde el, argumentos acordes coa realidade social.
- Valora criticamente os diferentes puntos de vista achegados desde unha perspectiva de ética e integridade.
- No debate posterior é capaz de vincular de modo coherente as situacións xurdidas cos contidos teóricos de anteriores sesións.



METODOLOXÍA E TERPORIZACIÓN:

Esta sección desenvolverase ao longo dunha sesión de, polo menos, 50 minutos de duración, combinando a instrución directa e a actividade práctica e reflexiva de maneira que o alumnado poña en práctica o aprendido en sesións anteriores e desenvolva os valores e principios traballados na dramatización deste caso práctico.



Actividades

Dado que o alumnado acumula xa varias sesións de traballo e dispón das ferramentas necesarias para chegar ás conclusións derivadas da cultura de integridade por si mesmo, optarase nesta ocasión por iniciar a sesión coa actividade práctica. Será a reflexión sobre ela a que nos permita a exposición teórica a modo de conclusión, reforzo e peche.

1.ª actividade (35') - O xuízo: xogo de rol

A cultura de integridade aféctalles non só ás institucións públicas, senón tamén aos cidadáns. A actitude cidadá é fundamental nas relacións que teñen que ver co interese público ou xeral, co que é de todos e que ten, por iso, un interese común ou colectivo para toda a cidadanía.

Polo tanto, o que é de todos tamén todos o debemos coidar co mesmo empeño que se fose algo propio e particular.

Trataremos de que o alumnado tome conciencia da importancia que ten a “integridade cidadá” para que as “ cousas comúns” (aquelas que teñen que ver co interese público ou xeral) funcionen correctamente.

Esta actividade pretende introducir o alumnado no estudo da cultura da integridade desde o punto de vista práctico, utilizando un exemplo -o dos incendios forestais- no que a actitude da cidadanía ten unha enorme importancia. A profundidade da tarefa deseñarase e desenvolverase en función do curso concreto ao que vai destinada.

A actividade proposta consiste nun xogo de rol que será moderado polo profesorado. Os alumnos representarán os intereses dos diversos grupos implicados na historia que se lles facilitará previamente. Así, tratarán de presentar argumentos que sirvan de soporte ás ideas que defende cada un dos grupos implicados, tentando convencer os outros das súas razóns para actuar nun determinado sentido.

Logo da presentación da ficticia situación de partida asignaráselle a cada alumno/a do grupo un dos grupos ou personaxes individuais (5') e dará comezo o xuízo. O tempo total de debate estará

limitado a 30' e o alumnado deberá ter presente en todo momento o tempo restante para poder encamiñar o debate para pechar temas.

Distribución dos papeis asignados no xogo de rol

Grupo excursionistas, grupo tío Paco, Constanza e Nuno, grupo brigada servizo contra incendios, grupo de policía científica que investiga o incendio, grupo Xunta Veciñal da aldea Pontepedriña (Courel), grupo asociación de cazadores, grupo ecoloxista, grupo xuíz, grupo avogado defensor do interese público (espazo natural), grupo avogado defensor excursionistas.

Realización do xuízo aos excursionistas. Cada grupo expoñerá en orde os seus argumentos para defender os intereses propios do colectivo ao que representan. De ser o caso: que sanción se propón?

2.ª actividade (15') - Reflexión e exposición dos contidos teóricos

Unha vez rematada a dramatización do xuízo, farase en grupo unha reflexión sobre os aspectos que foron xurdindo ao longo dela e que sexa de relevancia para o estudo dos contidos teóricos.

Finalmente o/a docente fará unha exposición breve dos contidos teóricos a modo de resumo, consolidación e peche.



Recursos didácticos

A continuación recóllense unha serie de ligazóns relacionadas coa materia que poden ser de interese e que poderán ser empregadas para motivar o alumnado.



Recursos

Xunta de Galicia, 30 medidas para acabar cos incendios forestais

https://www.lavozdegalicia.es/noticia/galicia/2017/11/08/plan-choque-incluye-ocupar-fincas-propiedad-desconocida/0003_201711G8P8998.htm

Vídeo: helicóptero SUPERPUMA Xunta de Galicia cargando auga en Ames

<https://www.youtube.com/watch?v=xkKU9i5UMgI>

Cámaras de vixilancia no monte galego

<https://www.lavozdegalicia.es/noticia/galicia/2018/07/17/camaras-vigilan-monte-gallego/00031531811707836952108.htm>

Vídeo: actuación de grupo de Brigada Contra incendios Xunta de Galicia en Verín (Ourense)

<https://www.youtube.com/watch?v=oorUm5YfLNM>



Para pensar máis

Vídeo: o valor da integridade


<https://www.youtube.com/watch?v=UwHMbI2RJ4E>

Vídeo: os beneficios da integridade

<https://www.youtube.com/watch?v=dKJywCFruhY>

En acción: caso práctico

Xogo de rol: un día no bosque



A cultura de integridade aféctalles non só ás institucións públicas, senón tamén á cidadanía. A actitude cidadá é fundamental nas relacións que teñen que ver co interese público ou xeral, co que é de todos e que ten, por iso, un interese común ou colectivo para toda a cidadanía.

Polo tanto, o que é de todos tamén todos o debemos coidar co mesmo empeño que se fose algo propio e particular.

A nosa actividade centrarase no campo medioambiental e, máis concretamente, na conservación da natureza ante a enorme traxedia que supoñen os incendios forestais, especialmente en Galicia, onde o patrimonio natural ten unha importancia vital, non só para a calidade de vida e do lecer dos seus cidadáns, senón por ser un importante motor de desenvolvemento económico do mundo rural.

A actividade proposta consiste nun xogo de rol. Formaranse na aula unha serie de grupos que representarán os axentes implicados e os seus intereses, que traballarán sobre unha historia dada.

Os grupos tratarán de presentar e expoñer argumentos que sirvan de soporte ás ideas que defenden, para tentar convencer os outros das súas razóns para actuar nun determinado sentido.

Non perdades de vista que a exposición ten un tempo limitado, así que é importante que neste tempo participe todo o alumnado, e ademais na quenda de debate é necesario que a discusión avance e que non vos enrededes en disputas improdutivas.

Historia base do xogo: un día no bosque

Constanza e Nuno son primos e compañeiros de clase no instituto onde cursan 4º da ESO. Ambos pasan todos os veráns nas casas dos seus avós nunha aldea do Courel que se chama Pontepedriña.

A Constanza e a Nuno gústalles moito pasar no Courel os tres meses do verán ata que empezan as clases. O seu tío Paco é axente forestal alí, aínda que eles prefiren dicir que é “gardabosques” porque o seu tío –din– ocúpase de coidar os bosques e de todos os animais que viven neles. Gústalles oír o seu tío contar as súas historias do bosque: cando se atopou cun enorme lobo solitario no medio dun camiño, o osiño que se perdeu na neve e tivo que rescatar etc.

Constanza e Nuno aínda non saben que se verán inmersos o próximo verán na seguinte historia:

Un día que non estaba de servizo, o seu tío Paco pediulles que o acompañasen á fervenza da Virxe da Cerca para facer unha excursión e pasar o día xuntos. Aproveitarían para “botar un ollo”, con axuda duns prismáticos, a unha cría de aguiña real que tiña pouco tempo e que estaba localizada nun niño preto dun penedo. Pasarían alí o día, comerían uns bocadillos e bañaríanse baixo a fervenza, nunha enorme poza de augas transparentes. De camiño á fervenza había unha zona de lecer cuns bancos de pedra e unhas mesas. Nela había un gran cartel que poñía: “**PROHIBIDO FACER LUME, PERIGO DE INCENDIO**”. Cando pasaron cerca de alí, atoparon un grupo de persoas que estaban a preparar unha grellada para comer.

O tío Paco díxolles que o esperasen no camiño e achegouse. A Constanza e a Nuno aquelas persoas, de lonxe,



PROHIBIDO
FACE LUME
PERIGO DE INCENDIO

parecéronlle coñecidas. Oían que o tío Paco discutía con elas e se enfadaba. Viron que elas sacaban algo dunha bolsa e que el o rexeitaba. Ao final apagaron a grellada e o tío Paco regresou.

O tío Paco contoulles o que eles xa sospeitaban. Eran dous xogadores de fútbol moi famosos que estaban a pasar uns días de vacacións pola zona coas súas familias e estaban a acender un lume aínda que estaba prohibido. O tío Paco díxolles que o apagasen inmediatamente. Eles ao principio negáronse e ofrecéronlle tres camisetas do equipo asinadas por todos os xogadores que tiñan gardadas nunha bolsa, para que “fixese a vista gorda”, segundo lle pediron. O tío Paco aínda se enfadou máis con eles, pero ao final conseguiu que apagasen o lume.

Os tres continuaron ata a fervenza, onde se bañaron e pasaron un día estupendo. Ata contemplaron cos prismáticos o voo das dúas aguias reais!

Cando empezaban o camiño de volta, viron unha columna de fume no medio do bosque e o tío Paco cos prismáticos constatou o que sospeitaba: que os excursionistas volveran acender a grellada e que, co vento que había neses momentos, aquilo podía terminar nunha gran traxedia.

Inmediatamente o tío Paco chamou co seu teléfono vía satélite aos servizos contra incendios forestais e deu as coordenadas exactas do lugar da grellada. A brigada helitransportada acudiu rapidamente, aínda que tardou unhas cinco horas en apagar o lume. Queimáronse un total de 5 hectáreas de monte.

A investigación posterior determinou que o custo do operativo despregado no aire co helicóptero e en terra para apagar o incendio foi de 150.000 €. A policía científica determinou que a causa do sinistro fora a grellada. O vento prendeu a maleza seca por unhas faíscas que saltaron e, aínda que os excursionistas tentaron nun principio apagalo, fóselles rapidamente das mans, asustáronse e, ao temer polas súas vidas, tiveron que fuxir rapidamente.

Posteriormente a estes feitos lévase a cabo un xuízo.



Preguntas sección 4

- 1 A que dous elementos da sociedade se lles pode esixir a integridade?
- 2 Que é a integridade pública? (definición)
- 3 Que significa que a integridade favorece que a sociedade sexa máis inclusiva?
- 4 Pon un exemplo que se che ocorra dunha situación na que a cidadanía deba evitar algún posible conflito de interese nas súas relacións coas institucións públicas.

ÉTICA, INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA. INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA, ÉTICA. TRANSPARENCIA. INTEGR
ÉTICA, INTEGRIDADE, **TRANSPARENCIA**. ÉTICA, INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA. INTEGRIDADE, TRANSPAR
TRANSPARENCIA. INTEGRIDADE, ÉTICA. ÉTICA, INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA. **ÉTICA**, INTEGRIDADE, TRA
INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA, ÉTICA. **TRANSPARENCIA**. INTEGRIDADE, ÉTICA. ÉTICA, INTEGRIDADE, TRA
ÉTICA, INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA. INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA, ÉTICA. TRANSPARENCIA. INTEGR
ÉTICA, INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA. **ÉTICA**, INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA. INTEGRIDADE, TRANSPAR
TRANSPARENCIA. INTEGRIDADE, ÉTICA. ÉTICA, **INTEGRIDADE**, TRANSPARENCIA. ÉTICA, INTEGRIDADE, TRA
INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA, ÉTICA. TRANSPARENCIA. INTEGRIDADE, ÉTICA. ÉTICA, INTEGRIDADE, TRA
ÉTICA, INTEGRIDADE, **TRANSPARENCIA**. INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA, ÉTICA. TRANSPARENCIA. **INTEGR**

CADERNO PARA O PROFESORADO

ÉTICA, INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA. INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA, **ÉTICA**. TRANSPARENCIA. INTEGR
ÉTICA, INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA. ÉTICA, INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA. INTEGRIDADE, TRANSPAR
TRANSPARENCIA. INTEGRIDADE, ÉTICA. ÉTICA, INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA. ÉTICA, INTEGRIDADE, TRA
INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA, **ÉTICA**. TRANSPARENCIA. **INTEGRIDADE**, ÉTICA. ÉTICA, INTEGRIDADE, **TRA**
ÉTICA, INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA. INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA, ÉTICA. TRANSPARENCIA. INTEGR
ÉTICA, INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA. ÉTICA, INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA. INTEGRIDADE, TRANSPAR
TRANSPARENCIA. **INTEGRIDADE**, ÉTICA. ÉTICA, INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA. ÉTICA, INTEGRIDADE, TRA
INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA, ÉTICA. TRANSPARENCIA. INTEGRIDADE, ÉTICA. ÉTICA, INTEGRIDADE, TRA
ÉTICA, INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA. INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA, ÉTICA. **TRANSPARENCIA**. INTEGR
ÉTICA, INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA. ÉTICA, INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA. INTEGRIDADE, TRANSPAR



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

Consello de Contas
de Galicia



UNIDADE DIDÁCTICA
SECCIÓN 5

A TRANSPARENCIA NUN MUNDO GLOBAL: UN ANTÍDOTO CONTRA A CORRUPCIÓN

CADERNO PARA O PROFESORADO

A transparencia nun mundo global: un antídoto contra a corrupción


A ética (sección 3), **a integridade** (sección 4) e **a transparencia** son os tres alicerces sobre os que deben construírse as sociedades democráticas avanzadas.

Os cidadáns somos seres sociais e é precisamente a sociabilidade o que xustifica a transparencia nas relacións entre as institucións públicas e a cidadanía.

Os cidadáns temos dereito ao acceso á información pública e así o recolle a nosa Constitución; para regular este dereito existen leis de transparencia, tanto do Estado como das comunidades autónomas.

Os mecanismos de transparencia que establecen estas leis funcionan como contrapesos que **garanten a protección da cidadanía fronte a hipotéticas arbitrariedades do poder público** e o uso indebido do diñeiro ou patrimonio públicos.

Como esixencia deste deber de transparencia, **as normas establecen o deber de difundir determinada información pública** a través de Internet, concretando un catálogo mínimo de datos que deben ofrecer (**publicidade activa**) e tamén **regulan o dereito da cidadanía para solicitar dos poderes públicos calquera outra información pública** que estimen oportuna (**publicidade pasiva**).





A **transparencia** constitúe un instrumento de prevención da **corrupción**; podemos afirmar que, canta maior transparencia existe nunha sociedade, menores posibilidades hai de que se produza corrupción.

Con todo, a transparencia, **por si soa, non garante que a cidadanía e as institucións públicas dun país sexan íntegras** e que, polo tanto, non exista corrupción.

TRANSPARENCIA PASIVA	TRANSPARENCIA ACTIVA
É o dereito da ciudadanía a pedirllas información ás institucións públicas	Ademais, as institucións públicas están legalmente obrigadas a publicar, nos seus portais de transparencia ou sitios web, unha serie de datos para que estes estean á disposición da cidadanía. Isto é o que se coñece co nome de “transparencia activa”

Os cidadáns temos dereitos, pero tamén obrigas e deberes. Para poderlles esixir transparencia ás institucións públicas, os cidadáns debemos adoptar unha relación transparente con aquelas. Resulta, polo tanto, interesante destacar algúns ámbitos onde existen dereitos garantidos na Constitución que demandan dun comportamento transparente da cidadanía. Vexamos algúns exemplos:

**ÁMBITO XERAL**

Transparencia da cidadanía de forma xeral nas súas relacións coas institucións públicas e cos seus concidadáns.

**ÁMBITO EDUCATIVO**

Transparencia nas relacións entre os membros da comunidade educativa.

**ÁMBITO TRIBUTARIO**

Transparencia da cidadanía (e das empresas) nas súas declaracións de bens, actividades e rendas ante as administracións tributarias.

**ÁMBITO LABORAL E SOCIAL**

Transparencia nas relacións coas institucións públicas que interveñen neste contexto (Seguridade Social e Inspección de Traballo): nas prestacións e cotizacións aos sistemas de seguridade social.

**ÁMBITO SANITARIO**

Transparencia nas relacións da cidadanía coas institucións públicas sanitarias e cos seus profesionais, na utilización dos medios e instalacións sanitarias.


**ÁMBITO MEDIOAMBIENTAL**

Transparencia na utilización, defensa e gozo do medio natural e nas relacións coas autoridades e entidades públicas ambientais.



EN CONCLUSIÓN

- A **transparencia -da cidadanía e das institucións públicas-** é un bo **antídoto contra a corrupción**. A transparencia é un instrumento que actúa sobre todo no terreo da prevención; é dicir, trata de evitar que se produza a corrupción antes de que esta exista.
- Para prever a corrupción é necesaria sobre todo unha “cultura de integridade” das institucións públicas e da cidadanía, que se fundamente nuns sólidos valores éticos, e que utiliza a transparencia como unha eficaz ferramenta para ese fin.



Programación: sección 5



OBXECTIVOS:

- Comprender no seu conxunto e interaccións os conceptos de ética, integridade e transparencia no ámbito público.
- Integrar os tres conceptos nas relacións da cidadanía co ámbito público e, en especial, coas administracións.
- Fomentar o exercicio dos dereitos cidadáns en materia de transparencia como un deber social.



CONTIDOS:

- A transparencia.
- Transparencia activa e pasiva.
- A transparencia na prevención da corrupción.



COMPETENCIAS CLAVE:

Esta sección, ademais de contribuír á Competencia Social e Cívica (CSC), contribúe ao desenvolvemento da Competencia en Comunicación Lingüística (CCL), da Competencia Dixital (CD) e do Sentido da Iniciativa e Espírito Emprendedor (SIE).



MÉTODOS E CRITERIOS DE AVALIACIÓN:

A avaliación realizarase mediante a observación do desenvolvemento da actividade e a execución do informe final, verificando que o alumnado:

- Utiliza con coherencia e pertinencia os conceptos estudados na sección e ao longo de toda a unidade didáctica.
- Participa activamente na actividade respectando as regras marcadas para o desenvolvemento desta.
- É capaz de analizar o portal de transparencia correspondente de modo crítico a diferentes niveis: claridade, inmediatez, facilidade para exercer os dereitos...
- Plasma os resultados nun informe adecuado e coherente.



METODOLOXÍA E TEMPORIZACIÓN:

Esta sección desenvolverase ao longo dunha sesión de, polo menos, 50 minutos de duración, combinando a instrución directa e a actividade práctica e reflexiva individual e grupal, de maneira que o alumnado poña en práctica o aprendido ao longo de toda a unidade didáctica (tanto en sesións anteriores como nesta) desde a óptica dos valores e principios que se queren fomentar.

Actividades

1.ª actividade (15') - Exposición dos contidos teóricos

Trataranse os contidos teóricos desta sección no contexto da unidade didáctica, con especial atención ao concepto de “portal de transparencia”.

2.ª actividade (20') - Analizar un portal de transparencia

A transparencia é un instrumento de prevención da corrupción das sociedades con democracias avanzadas. É unha ferramenta aplicable ás organizacións non só públicas senón tamén privadas, así como á cidadanía nas súas relacións coas institucións públicas.

Trataremos de que o alumnado coñeza esta ferramenta e traballe nun suposto práctico consultando diversos portais de transparencia.

Esta actividade pretende introducir o alumnado no estudo da transparencia desde o punto de vista práctico. Para iso os contidos desenvolvidos nesta sección serán utilizados polo alumnado no desenvolvemento da actividade para poder avaliar a asimilación daqueles. A profundidade da tarefa deseñase e desenvolverase en función do curso concreto ao que vai destinado.

A actividade poderá organizarse mediante o traballo en grupo. Así, cada grupo de alumnos (de 2 a 4) ocuparase de analizar o “portal de transparencia” dalgunha entidade pública ou privada proposta polo titor.

Propónse analizar os portais de transparencia dos 7 principais concellos de Galicia (4 capitais de provincia xunto con Ferrol, Santiago de Compostela e Vigo) e das tres institucións estatutarias: Parlamento de Galicia, Valedor do Pobo e Consello de Contas de Galicia. Os portais poderaos asignar o profesorado con base nalgún criterio: orixe xeográfica ou familiar do alumnado, preferencias destes etc.

Para iso, cada grupo de alumnos analizará un portal de transparencia. Como anexo propónse o modelo de informe que se lle entregará con carácter orientador.



3.^a actividade (15') - Reflexión e proposta “do noso portal de transparencia”

Unha vez analizados os portais, iniciaremos un breve debate de conclusión e peche no que, entre todos, estableceremos que características ideais tería o “portal de transparencia” do noso centro educativo.

Recursos didácticos

A continuación, para que lle sirva de base ao profesorado, recóllese a Lei de transparencia de Galicia e, a título de exemplo, a ligazón á web do Parlamento de Galicia. **É importante sinalar que o alumnado deberá ter acceso a Internet durante a realización desta actividade.**



Recursos

Web: Parlamento de Galicia

<http://www.parlamentodegalicia.es/sitios/web/Transparencia/web2/default.aspx>

Lei de Transparencia de Galicia

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2016/20160215/AnuncioC3B0-110216-0001_es.html



Para pensar máis

Lenda do anel de Gíges

<https://smoda.elpais.com/placeres/el-anillo-de-giges-por-adela-cortina/>

Vídeos sobre o dereito de acceso á información pública

http://transparencia.gob.es/transparencia/transparencia_Home/index/Derecho-de-acceso-a-la-informacion-publica.html

Portal de Transparencia da Xunta de Galicia

<https://transparencia.xunta.gal/portada>

Ficha da actividade

Ficha número 5: Portal de transparencia

- **ANÁLISE DO GRAO DE ACCESIBILIDADE AO PORTAL DE TRANSPARENCIA:** é fácil atopar a ligazón ao portal de transparencia na web da institución proposta?, cantos clics fan falta para acceder ao portal de transparencia unha vez situados na web?, distínguense claramente os datos que a institución ou o concello ten a obriga de publicar (transparencia activa) dos que pode pedir o cidadán (transparencia pasiva)?
- **ANÁLISE DO CONTIDO DOS DATOS PUBLICADOS POLO ORGANISMO:** como se estrutura a información?, cal é a información que che parece máis interesante?, cal é a información menos interesante? Realizar un resumo dos principais datos que se recollen en relación coa institución ou concello.
- **ANÁLISE DE CALIDADE (TRANSPARENCIA ACTIVA):** propoñerías algunha mellora no portal analizado?, cres que hai documentación que é pouco interesante, redundante ou que sobra?, incluírías algunha outra información que falta e consideras interesante como cidadán/á?
- **ANÁLISE DO ACCESO DA CIDADANÍA Á INFORMACIÓN PÚBLICA (TRANSPARENCIA PASIVA):** consideras que é fácil pedirlle información a ese organismo? Explicarlle en liñas xerais ao resto de compañeiros cal é o procedemento.
- **MELLORAS PROPOSTAS RAZOADAS.**
- **EXPOSICIÓN DE CONCLUSIÓNS FINAIS COMÚNS:** recordade que deberán ser acordadas entre todas/os.



En acción: caso práctico

Análise dos portais de transparencia: a transparencia, un instrumento de prevención

A transparencia é un instrumento de prevención da corrupción das sociedades con democracias avanzadas. É unha ferramenta aplicable ás organizacións non só públicas senón tamén privadas, así como á cidadanía nas súas relacións coas institucións públicas.

Con esta actividade preténdese traballar con esta ferramenta a través dun suposto práctico consultando algúns dos diversos portais de transparencia existentes na rede.

A actividade organízase mediante traballo en grupo. Así, cada grupo de alumnos ocuparédesevos de analizar o portal de transparencia dalgunha entidade pública ou privada.

A tarefa que se lles propón aos grupos é a de analizar os portais de transparencia dos 7 principais concellos de Galicia (4 capitais de provincia xunto con Ferrol, Santiago de Compostela e Vigo) e das tres institucións estatutarias: Parlamento de Galicia, Valedor do Pobo e Consello de Contas de Galicia. Os portais poderanse asignar con base nalgún criterio previamente fixado.



A Coruña



Lugo




Ourense



Pontevedra



Ferrol



*Santiago de
Compostela*



Vigo



*Parlamento
de Galicia*



*Valedor
do Pobo*



*Consello
de Contas*

Con carácter orientador propóñense as seguintes cuestións:

Análise da facilidade de acceso ao portal de transparencia

É fácil atopar a ligazón ao portal de transparencia na web da institución proposta? Cantos clics fan falta para acceder ao portal de transparencia unha vez situados na web? Distínguese claramente os datos que a institución ou concello ten obriga de publicar (transparencia activa) dos que pode pedir o cidadán (transparencia pasiva)?

Análise do contido dos datos publicados polo organismo

Como se estrutura a información? Cal é a información que che parece máis interesante? Cal é a información menos interesante?

Realizar un resumo dos principais datos que se recollen en relación coa institución ou concello

Análise de calidade (transparencia activa)

Propoñerías algunha mellora no portal analizado? Cres que hai documentación que é pouco interesante, redundante ou que sobra? Incluirías algunha outra información que falta e consideras interesante como cidadán/á?

Análise do acceso da cidadanía á información pública (transparencia pasiva)

Consideras que é fácil pedirlle información a ese organismo? Debedes explicarlle en liñas xerais ao resto de compañeiros cal é o procedemento.

Deberedes plasmar as conclusións nun informe (como o da ficha-guía). Non perdades de vista que o tempo asignado e o espazo dispoñible son limitados. Ademais, ao ser unha actividade de amplo contido pero cun tempo reducido, deberedes centrar e tratar de resumir o contido do portal de transparencia da institución de forma que o informe transmita unha visión completa do portal que vos foi asignado.



Preguntas sección 5

- 1 Que son as leis de transparencia?
- 2 Explica que é a publicidade ou transparencia pasiva.
- 3 Explica que é a publicidade ou transparencia activa.
- 4 Cita dous ámbitos e pon dous exemplos de actuacións transparentes da cidadanía.

ÉTICA, INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA. INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA, ÉTICA. TRANSPARENCIA. INTEGR
ÉTICA, INTEGRIDADE, **TRANSPARENCIA**. ÉTICA, INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA. INTEGRIDADE, TRANSPAR
TRANSPARENCIA. INTEGRIDADE, ÉTICA. ÉTICA, INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA. **ÉTICA**, INTEGRIDADE, TRA
INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA, ÉTICA. **TRANSPARENCIA**. INTEGRIDADE, ÉTICA. ÉTICA, INTEGRIDADE, TRA
ÉTICA, INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA. INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA, ÉTICA. TRANSPARENCIA. INTEGR
ÉTICA, INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA. **ÉTICA**, INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA. INTEGRIDADE, TRANSPAR
TRANSPARENCIA. INTEGRIDADE, ÉTICA. ÉTICA, **INTEGRIDADE**, TRANSPARENCIA. ÉTICA, INTEGRIDADE, TRA
INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA, ÉTICA. TRANSPARENCIA. INTEGRIDADE, ÉTICA. ÉTICA, INTEGRIDADE, TRA
ÉTICA, INTEGRIDADE, **TRANSPARENCIA**. INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA, ÉTICA. TRANSPARENCIA. **INTEGR**

CADERNO PARA O PROFESORADO

ÉTICA, INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA. INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA, **ÉTICA**. TRANSPARENCIA. INTEGR
ÉTICA, INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA. ÉTICA, INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA. INTEGRIDADE, TRANSPAR
TRANSPARENCIA. INTEGRIDADE, ÉTICA. ÉTICA, INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA. ÉTICA, INTEGRIDADE, TRA
INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA, **ÉTICA**. TRANSPARENCIA. **INTEGRIDADE**, ÉTICA. ÉTICA, INTEGRIDADE, **TRA**
ÉTICA, INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA. INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA, ÉTICA. TRANSPARENCIA. INTEGR
ÉTICA, INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA. ÉTICA, INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA. INTEGRIDADE, TRANSPAR
TRANSPARENCIA. **INTEGRIDADE**, ÉTICA. ÉTICA, INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA. ÉTICA, INTEGRIDADE, TRA
INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA, ÉTICA. TRANSPARENCIA. INTEGRIDADE, ÉTICA. ÉTICA, INTEGRIDADE, TRA
ÉTICA, INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA. INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA, ÉTICA. **TRANSPARENCIA**. INTEGR
ÉTICA, INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA. ÉTICA, INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA. INTEGRIDADE, TRANSPAR



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

Consello de Contas
de Galicia



A CULTURA DA INTEGRIDADE E O COMPORTAMENTO ÉTICO DA SOCIEDADE CIVIL NAS SÚAS RELACIÓNS COS PODERES PÚBLICOS

UNIDADE DIDÁCTICA
SECCIÓN 6

ECONOMÍA E CULTURA DA
INTEGRIDADE

CADERNO PARA O PROFESORADO



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

Consello de Contas
de Galicia



Economía e cultura de integridade

A corrupción, que definimos como calquera abuso de poder realizado por unha persoa ou grupo organizado co fin de obter ganancias ou beneficios de diversa índole para si mesma ou para terceiros, é un fenómeno complexo que leva consigo prexuízos sociais, culturais, políticos e tamén de índole económica.



A corrupción distorce a economía dos países afectando aos mercados, menoscaba a competitividade e afecta á produtividade e á credibilidade nas relacións comerciais internas e internacionais dos países que a sofren.



ECONOMÍA GLOBAL



SOCIEDADE CIVIL

Cidadanía, familias, organizacións solidarias-cívicas, movementos sociais, empresas de diversos tamaños, entidades financeiras, asociacións profesionais, redes sociais, medios de comunicación e o espazo da opinión pública

INTEGRIDADE


PODERES PÚBLICOS

A corrupción está presente en dúas escalas:

- **Macroeconómica ou global**, posto que afecta a todos os países e a magnitudes colectivas como o investimento ou o gasto público.
- **Microeconómica**, xa que tamén ten consecuencias nas empresas.

Nesta sección centrarémonos na **escala macroeconómica**.

O economista **Robert Klitgaard**, que foi profesor nas universidades de Claremont, Yale e Harvard, puxo de manifesto como a corrupción se relaciona con tres factores: **monopolio, arbitrariedade e transparencia**.



ECUACIÓN DE KLITGAARD

$$C = M + A - T$$

ONDE: C= CORRUPCIÓN, M= MONOPOLIO, A= ARBITRARIEDADE E T= TRANSPARENCIA.

Así, nos países con situacións de **MONOPOLIOS (M)**, existe máis risco de corrupción que naqueloutros nos que a toma de decisións ten un carácter máis plural e diversificado.

O segundo elemento é a **ARBITRARIEDADE (A)**. Segundo a RAE, “arbitrario” é aquilo que está suxeito á libre vontade ou ao capricho antes que á lei ou á razón. Polo tanto, cantos menos controis e sancións existan na toma de decisións, e canto máis individuais e menos plurais poidan ser estas, máis posibilidade existe de que a falta de integridade poida desenvolverse. O control da arbitrariedade depende non tanto da abundancia de normativa como da eficacia desta.

Finalmente, a **TRANSPARENCIA (T)** que, tal e como vimos, é unha ferramenta de desenvolvemento da cultura de integridade. Cando as institucións e a toma de decisións son máis transparentes e máis plurais e cando as decisións son controladas máis estreitamente polos propios cidadáns e cidadás debidamente informados, a corrupción ou falta de integridade diminúe.



Existe unha gran complexidade para medir o custo económico da corrupción, de forma que podemos atopar cifras moi dispares segundo os informes e a metodoloxía utilizada neles. En calquera caso, sexan cales sexan as cifras definitivas, pódese afirmar que **a corrupción supón un importante lastre para as economías de calquera país, posto que afecta ao investimento público e privado, aos traballadores, á produtividade etc.** e ten especial transcendencia nas economías daqueles países con democracias menos consolidadas.

A corrupción é sinalada hoxe en día como unha das principais preocupacións da cidadanía, por encima da globalización, a migración ou o desemprego.

A corrupción perpetúa a desigualdade e a pobreza, afecta ao benestar e á distribución dos ingresos, e socava as oportunidades de participar equitativamente na vida social, económica e política.

A continuación recóllense algúns dos efectos da corrupción na economía no ámbito internacional, seguindo de forma moi sintética o **informe do FMI do ano 2016: Corruption: Costs and Mitigating Strategies (Corrupción: Custos e estratexias atenuantes)**.

PRINCIPALES EFECTOS DA CORRUPCIÓN NA ECONOMÍA NO ÁMBITO INTERNACIONAL

1

OS INGRESOS DOS ESTADOS DIMINÚEN. Os contribuíntes non queren pagar impostos cando a corrupción está presente nas relacións económicas e nas institucións.

2

O GASTO E O INVESTIMENTO PÚBLICO DIMINÚEN como consecuencia de que existen menos recursos dispoñibles para o Estado debido á existencia dunha economía mergullada

3

O INVESTIMENTO PRIVADO e o investimento estranxeiro redúcese.

4

PREXUDICA O ACCESO AOS MERCADOS INTERNACIONAIS DE CRÉDITO PARA FINANCIARSE. Os países cunha baixa cultura de integridade teñen un maior risco de incumprimento das súas obrigas, o que aumenta os custos dos préstamos internacionais recibidos das institucións financeiras.

5

AFECTA Á PRODUTIVIDADE E Á INNOVACIÓN. As empresas máis produtivas e innovadoras abandonarán o mercado deses países debido ao maior custo de facer negocios neles.

6

PREXUDICA OS TRABALLADORES. O éxito profesional non depende dos méritos persoais, o que pode provocar a emigración das persoas mellor preparadas, e priva un país de talento.

7

AS TAXAS DE SAÚDE E EDUCACIÓN EMPEORAN. As taxas de mortalidade infantil en países con corrupción son aproximadamente un terzo máis altas e as taxas de abandono escolar son cinco veces máis altas.

8

O FUNCIONAMENTO DOS SERVIZOS SOCIAIS É DEFICIENTE. Os servizos sociais pódense ver afectados pola tolerancia respecto do desempeño laboral deficiente

9

A CONTAMINACIÓN AUMENTA E ESGÓTANSE OS RECURSOS NATURAIS. A maior contaminación (medida como as emisións per cápita de dióxido de xofre e dióxido de carbono) explícase pola existencia de regulacións ambientais máis permisivas.

10

AS MULLERES VENSE DESPROPORCIONADAMENTE AFECTADAS POLA FALTA DUNHA CULTURA DE INTEGRIDADE. As mulleres pasan máis tempo en traballos non remunerados e vense afectadas máis severamente por prácticas ilegais, como o tráfico de persoas e a prostitución.



Fronte á corrupción, **a cultura da integridade é, segundo a OCDE, un dos alicerces fundamentais das estruturas políticas, económicas e sociais** e, polo tanto, esencial para o benestar económico e social, así como para a prosperidade dos individuos e das sociedades no seu conxunto.

Como resposta á corrupción, os programas de integridade institucional poden constituír un sistema de autovixilancia que outorga confiabilidade á información financeira, promove que os suxeitos cumpran coas leis aplicables, salvagarda os recursos mediante a implantación de controis anticorrupción e vixía a adecuada actuación dos empregados e servidores públicos.





EN CONCLUSIÓN

- A corrupción **afecta gravemente ás economías dos países**, producindo efectos negativos en moitos factores de desenvolvemento económico como a produtividade, a innovación, o investimento estranxeiro, o crédito etc.
- A falta de integridade en termos económicos supón un detrimento dos recursos dispoñibles: **menores ingresos públicos**. Isto afecta de forma inmediata ao gasto público, ao existir menor cantidade de recursos para financiar servizos esenciais como poden ser a vivenda, a educación ou a sanidade.
- O efecto máis importante é o **empeoramento da calidade de vida da cidadanía** e a súa desafección (rexeitamento) cara ás institucións públicas.
- Fronte á corrupción, **a cultura de integridade é un dos alicerces fundamentais das estruturas políticas, económicas e sociais** e, polo tanto, esencial para o benestar económico e para a prosperidade dos individuos e das sociedades no seu conxunto.



Para saber máis

Vídeo: a corrupción no mundo

<https://www.youtube.com/watch?v=xO2AWSSFx2o>



Programación: sección 6



OBXECTIVOS:

- Comprender o concepto de corrupción (tanto macro como microeconómica) e a súa importancia nas sociedades democráticas e na economía mundial.
- Coñecer e ponderar os diferentes factores que contribúen ou dificultan a corrupción.
- Valorar o impacto económico e social da cultura da integridade.
- Incorporar este coñecemento ao esquema de valores do alumnado.
- Fomentar a responsabilidade social en materia de detección, rexeitamento e renuncia da corrupción, así como o fomento da cultura da integridade como factor protector.



CONTIDOS:

- A corrupción.
- Corrupción macroeconómica e microeconómica.
- Impacto económico da cultura da integridade: efectos da corrupción no ámbito social e impacto na calidade democrática.

**COMPETENCIAS CLAVE:**

Esta sección, ademais de contribuír á Competencia Social e Cívica (CSC) contribúe ao desenvolvemento da Competencia Matemática e competencias básicas en Ciencia e Tecnoloxía (CMCT), da Competencia Dixital (CD) e do Sentido da Iniciativa e Espírito Emprendedor (SIE).

**MÉTODOS E CRITERIOS DE AVALIACIÓN:**

A avaliación realizarase mediante a observación do desenvolvemento da actividade e a execución do informe final, verificando que o alumnado:

- Utiliza con coherencia e pertinencia os conceptos estudados na sección e ao longo de toda a unidade didáctica.
- Participa activamente na actividade respectando as regras marcadas para o desenvolvemento desta.
- Acode a fontes fiables (portais de estatística nacionais, informes independentes etc.) para a recompilación de datos.
- É capaz de recompilar datos e información, interrelacionala e analízala de modo crítico a diferentes niveis destacando a prevalencia da cultura da integridade e a calidade de vida fronte á corrupción.
- Plasma os resultados nun informe adecuado e coherente con criterios de obxectividade e sustentando as súas afirmacións en datos de calidade.

**METODOLOXÍA E TEMPORIZACIÓN:**

Esta sección desenvolverase ao longo de dúas sesións de, polo menos, 50 minutos de duración, combinando a instrución directa e a actividade práctica e reflexiva individual e grupal, de maneira que o alumnado poña en práctica o aprendido ao longo de toda a unidade didáctica (tanto en sesións anteriores como nesta) na procura, selección e interpretación de datos para a toma de decisións sinxelas.



Actividades

1.ª actividade (15') - Exposición dos contidos teóricos

Estudaranse os contidos teóricos desta sección no contexto da unidade didáctica, con profusión de datos e fontes indicadores que poidan ser logo de utilidade na actividade práctica. Acudirase, polo tanto, a portais como o IGE (<https://www.ige.eu/>), INE (<https://www.ine.es/>), Eurostat (<https://ec.europa.eu/eurostat>), CIS e IPUMS Internacional (<http://www.cis.es/cis/opencms/ES/index.html>, <https://international.ipums.org/international/>).

2.ª actividade (35') - Comparar índices e datos dun binomio de países proposto con respecto á corrupción e á calidade de vida

A corrupción aféctalles as economías mundiais de diferente forma, en función do desenvolvemento e consolidación das democracias e da cultura de integridade que nelas se atope implantada.

A corrupción ten así unha escala global, pero tamén unha dimensión local. É preciso concienciar a cidadanía de que os seus actos, xunto cos dos poderes públicos, teñen unha repercusión nos recursos públicos. A suma dos esforzos de toda a cidadanía repercute na correcta prestación dos servizos públicos e na propia calidade de vida da sociedade civil.

Para comprobar a realidade do anterior, o alumnado analizará como en países da nosa contorna a corrupción supón un lastre real no desenvolvemento económico, coa influencia que iso ten na calidade de vida da cidadanía.

Esta actividade pretende, desde a realidade cotiá, introducir o alumnado no estudo da corrupción desde o punto de vista económico, repercutindo nas principais variables económicas e no crecemento.

Para iso, os contidos desenvoltos nesta sección serán utilizados polo alumnado no desenvolvemento da actividade para poder avaliar así a asimilación dos coñecementos adquiridos. A profundidade da tarefa deseñarase e desenvolverase en función do curso concreto ao que vai destinado e dos obxectivos marcados polo titor.

A actividade poderá organizarse mediante traballo en grupo (de 4 a 6 persoas). Así, a cada grupo

de alumnos asignaráselle dous países propostos polo titor para realizar un estudo comparativo deles, mediante a procura de información sobre a economía e a corrupción existente neles, o seu efecto nas principais variables económicas e no desenvolvemento dos servizos públicos.

A cada un dos grupos asignaráselle dous países e propoñeranse, por exemplo, os binomios: Italia-Suecia, España-Dinamarca e Portugal-Finlandia etc.

Cada grupo de alumnos analizará, respecto a ese binomio de países, as magnitudes económicas máis importantes e buscará información sobre a corrupción existente e o nivel de vida en cada un dos países obxecto de comparación.

Como anexo propónse o modelo de informe que se lles entregará con carácter orientador.

3.^a actividade (40') - Posta en común dos informes

Unha vez completados os informes, iníciáanse as exposicións dos diferentes grupos. É importante que non se repitan os portavoces de actividades anteriores para darlle a oportunidade a todo o alumnado de participar activamente.

4.^a actividade (10') - Reflexión final en gran grupo

Unha vez presentados os traballos grupais, iniciaremos un breve debate de conclusión e peche no que, entre todos, estableceremos como podemos, como cidadáns/ás, contribuír a unha máis e mellor transparencia para mitigar a corrupción.



Recursos didácticos

A continuación recóllense algunhas ligazóns de interese para a exposición teórica e a realización da parte práctica. **É importante sinalar que o alumnado deberá ter acceso a Internet durante a realización desta actividade.**



Para pensar máis

Vídeo: a corrupción no mundo

<https://www.youtube.com/watch?v=xO2AWSSFx2o>



Recursos

Índice de percepción da corrupción 2018. (IPC 2018)

<https://transparencia.org.es/espana-mejora-levemente-en-el-indice-de-percepcion-de-la-corrupcion-2018/>

Artigo de prensa: como funcionan as cousas no país menos corrupto do mundo? O caso de Nova Zelandia

<https://www.infobae.com/america/mundo/2017/01/29/como-funcionan-las-cosas-en-el-pais-menos-corrupto-del-mundo/>



ITALIA: webs para toma de datos económicos e de corrupción

<https://www.istat.it/>

<https://www.transparency.org/country/ITA>



SUECIA: webs para toma de datos económicos e de corrupción

https://www.scb.se/en_/

<https://www.transparency.org/country/SWE>



Recursos



PORTUGAL: webs para toma de datos económicos e de corrupción

https://www.ine.pt/xportal/xmain?xpgid=ine_main&xpid=INE

<https://www.transparency.org/country/PRT>



FINLANDIA: webs para toma de datos económicos e de corrupción

http://www.stat.fi/index_en.html

<https://www.transparency.org/country/FIN>



ESPAÑA: webs para toma de datos económicos e de corrupción

<https://www.ine.es/ss/>

[Satellite?L=es_ES&c=Page&cid=1254735905566&p=1254735905566&pagename=INE%2FINELayout](https://www.ine.es/Satellite?L=es_ES&c=Page&cid=1254735905566&p=1254735905566&pagename=INE%2FINELayout)

<https://www.transparency.org/country/ESP>



NOVA ZELANDIA: webs para toma de datos económicos e de corrupción

<https://www.stats.govt.nz/>

<https://www.transparency.org/country/nzl>



MÉXICO: webs para toma de datos económicos e de corrupción

<https://www.inegi.org.mx/>

<https://www.transparency.org/country/MEX>



CANADÁ: webs para toma de datos económicos e de corrupción

<https://www.statcan.gc.ca/>

<https://www.transparency.org/country/CAN>



Ficha da actividade

Ficha número 6: Economía e cultura da integridade

- **DATOS PRELIMINARES:** número de habitantes, extensión, clima, principais actividades económicas do binomio de países.
- **RECOMPILACIÓN DOS PRINCIPAIS DATOS ECONÓMICOS DE DOUS PAÍSES:** PIB do país, volume exportacións e importacións, renda per cápita, ingresos e gastos públicos, poboación activa e desocupada, número de xubilados, datos de emigración e inmigración etc.
- **RECOMPILACIÓN DE DATOS E NOTICIAS RELACIONADAS COA CORRUPCIÓN NESTES PAÍSES:** índices de percepción da corrupción e de transparencia nestes países. Procura de datos sociolóxicos (centros de investigación) sobre os problemas que considera a cidadanía máis importantes nos seus respectivos países. Casos de corrupción e sectores principais nos que se producen.
- **RECOMPILACIÓN DE DATOS RELACIONADOS COA CALIDADE DE VIDA EN AMBOS OS PAÍSES:** índices de calidade de vida: índice de desenvolvemento humano, de prosperidade, de progreso social ou o de competitividade global. Índices de desenvolvemento de servizos públicos: sanidade, educación, deportes etc. Efectos da crise económica nestes países: PIB antes e despois da crise económica, datos de poboación desocupada antes e despois etc.
- **COMPARACIÓN DOS DATOS:** considerados en ambos os países analizados por cada grupo: datos económicos versus datos de corrupción. En cal deses dous países existe unha maior calidade de vida e unha maior corrupción?
- **EXPOSICIÓN** dos datos e conclusións dos dous países de forma comparada. Razoar “en que país che gustaría vivir e por que”. Lembrete que deberán ser acordadas entre todas/os.

Preguntas sección 6

- 1 En que dúas escalas pode estar presente a corrupción?
- 2 Cita os tres elementos da ecuación de Klitgaard.
- 3 Que é a arbitrariedade?
- 4 Cita e explica brevemente catro efectos da corrupción na economía no ámbito internacional.

ÉTICA, INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA. INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA, ÉTICA. TRANSPARENCIA. INTEGR
ÉTICA, INTEGRIDADE, **TRANSPARENCIA**. ÉTICA, INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA. INTEGRIDADE, TRANSPAR
TRANSPARENCIA. INTEGRIDADE, ÉTICA. ÉTICA, INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA. **ÉTICA**, INTEGRIDADE, TRA
INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA, ÉTICA. **TRANSPARENCIA**. INTEGRIDADE, ÉTICA. ÉTICA, INTEGRIDADE, TRA
ÉTICA, INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA. INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA, ÉTICA. TRANSPARENCIA. INTEGR
ÉTICA, INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA. **ÉTICA**, INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA. INTEGRIDADE, TRANSPAR
TRANSPARENCIA. INTEGRIDADE, ÉTICA. ÉTICA, **INTEGRIDADE**, TRANSPARENCIA. ÉTICA, INTEGRIDADE, TRA
INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA, ÉTICA. TRANSPARENCIA. INTEGRIDADE, ÉTICA. ÉTICA, INTEGRIDADE, TRA
ÉTICA, INTEGRIDADE, **TRANSPARENCIA**. INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA, ÉTICA. TRANSPARENCIA. **INTEGR**

CADERNO PARA O PROFESORADO

ÉTICA, INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA. INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA, **ÉTICA**. TRANSPARENCIA. INTEGR
ÉTICA, INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA. ÉTICA, INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA. INTEGRIDADE, TRANSPAR
TRANSPARENCIA. INTEGRIDADE, ÉTICA. ÉTICA, INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA. ÉTICA, INTEGRIDADE, TRA
INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA, **ÉTICA**. TRANSPARENCIA. **INTEGRIDADE**, ÉTICA. ÉTICA, INTEGRIDADE, **TRA**
ÉTICA, INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA. INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA, ÉTICA. TRANSPARENCIA. INTEGR
ÉTICA, INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA. ÉTICA, INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA. INTEGRIDADE, TRANSPAR
TRANSPARENCIA. **INTEGRIDADE**, ÉTICA. ÉTICA, INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA. ÉTICA, INTEGRIDADE, TRA
INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA, ÉTICA. TRANSPARENCIA. INTEGRIDADE, ÉTICA. ÉTICA, INTEGRIDADE, TRA
ÉTICA, INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA. INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA, ÉTICA. **TRANSPARENCIA**. INTEGR
ÉTICA, INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA. ÉTICA, INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA. INTEGRIDADE, TRANSPAR



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

Consello de Contas
de Galicia



UNIDADE DIDÁCTICA
SECCIÓN 7

CADERNO PARA O PROFESORADO





As empresas e a cultura da integridade: unha vantaxe competitiva nunha economía global

As empresas forman parte da sociedade civil e son un potente motor do desenvolvemento económico dun país. O número de empresas en España supera os 3,3 millóns. O tecido empresarial español está formado maioritariamente por pequenas e medianas empresas (pemes), que supoñen máis do 99 % do total e crean o 74 % do emprego, achegando ao redor do 65% do PIB.





ÉTICA EMPRESARIAL

Como vimos en seccións anteriores, a ética é aplicable ás institucións públicas, pero tamén existe unha **ética empresarial** que debe estar presente en todas as actuacións da empresa. As empresas, como a cidadanía, ao desenvolver a súa actividade tamén deben ter comportamentos éticos.

Para fomentar a cultura de integridade é necesaria a implicación das institucións públicas, pero tamén da sociedade civil e dentro dela **un elemento clave son as empresas**. As persoas, xa sexa na súa condición de cidadás ou como traballadoras integrantes dunha empresa, **son as que determinan e forman a cultura de integridade dun determinado país**.

As empresas, ao realizar a actividade económica para a cal foron creadas (sexa cal sexa o sector ao que pertencen: servizos, industria, agricultura etc.), non só deben ter en conta o beneficio económico, senón que tamén **deben ter por obxectivo o de aplicar un comportamento ético nas súas actuacións**.





Despois de analizar na sección 6 os efectos da corrupción no ámbito global ou macroeconómico, corresponde nesta sección analizar cal é o custo que esta ten para as empresas.

Pode dicirse que **o efecto fundamental que ten a corrupción sobre as empresas é o de asumir un sobrecusto na súa actividade** ao ter que afrontar o pagamento de subornos. Precisamente, o suborno é un dos delitos económicos relacionados coa corrupción, recollidos no Código penal:



SUBORNO

Supón solicitar ou recibir dádivas, favores ou retribucións en proveito propio ou dun terceiro polo cargo e atribucións que ocupa o funcionario ou a autoridade.

A corrupción é o resultado de tres factores: **oportunidade, beneficio e risco**. A concentración do poder de decisión nunha persoa, sen un control suficiente, crea a oportunidade. O beneficio derívase dos ingresos que poida obter o corrupto, que estarán relacionados cos beneficios ou custos que pode facer recaer sobre o que paga. E o risco vén dado polas posibilidades de que a corrupción sexa descuberta e pola dureza do castigo.

A corrupción e as empresas. Antonio Argandoña. Maio 2007.

Con todo, un **comportamento ético** produce nas empresas, a medio e longo prazo, unha mellora de competitividade e produtividade, e unha mellora nos custos ao non ter que repercutir no consumidor ou receptor final da súa actividade produtiva os sobrecustos derivados da corrupción.

A ética empresarial convértese nunha vantaxe competitiva para as empresas que a aplican. A empresa cun comportamento ético achega un factor de “confianza” á cidadanía, que dirixirá así as súas decisións de consumo ao tipo de empresas que son consideradas eticamente responsables; e, tamén, un factor de sustentabilidade do sistema, pois só as empresas “éticas” poden subsistir a medio e longo prazo.

A ética é, en definitiva, un elemento que crea valor na empresa, non só moral senón tamén económico, ao supoñer un retorno empresarial importante ao aumentar a demanda de bens e servizos “éticos”. En igualdade de condicións, o consumidor dirixirá as súas decisións de investimento e de consumo cara a empresas deste tipo. En países cunha cultura de integridade solidamente arraigada, só as empresas “éticas” sobreviven.



Algúns dos mecanismos máis habituais que utiliza o sector empresarial para garantir a integridade das persoas que actúan na súa contorna son as políticas de responsabilidade social corporativa, os códigos de conduta con compromisos anticorrupción, as políticas de formación en integridade e os programas de cumprimento normativo (**corporate compliance**).



RESPONSABILIDADE SOCIAL CORPORATIVA (RSC)

Unha das ferramentas máis consolidadas do fomento dun comportamento ético nas empresas é a RESPONSABILIDADE SOCIAL CORPORATIVA (RSC). A súa orixe atópase nos anos 50-60, cando xorde nos Estados Unidos unha corrente na sociedade civil **que pensa que as persoas, a través das súas decisións de consumo e o seu propio traballo dentro das empresas, poden condicionar a actividade empresarial** modificando condutas, decisións de investimento e, en definitiva, condicionando os sistemas de produción e de prestación dos servizos.

Nace así o concepto de RESPONSABILIDADE SOCIAL CORPORATIVA (RSC), que é unha **forma de participación da empresa na sociedade a través da súa propia actividade con criterios de sustentabilidade en tres espazos: social, ambiental e económico**. Ademais, é unha ferramenta para satisfacer os intereses e demandas dos denominados grupos de interese ou “*stake holders*” cos que se relaciona a empresa: consumidores, clientes, provedores, accionistas etc.

RENDICIÓN DE CONTAS

Tamén A RENDICIÓN DE CONTAS **permite o fomento dunha cultura de integridade. Trátase dun instrumento integrado na responsabilidade social corporativa (RSC)** que obriga as empresas a facilitarlles información aos seus grupos de interese, creando espazos de transparencia e confianza e facendo posible o control das empresas por parte da cidadanía. Os consumidores, ao formar parte destes grupos de interese, poden condicionar a actividade empresarial a través das súas decisións de consumo con base na información recibida.

CORPORATE COMPLIANCE

Por último, o CORPORATE COMPLIANCE **é un conxunto de procedementos e boas prácticas adoptados polas empresas** para identificar os riscos de incumprimentos aos que se enfrontan e establecer mecanismos internos de prevención, xestión, control e reacción fronte a eles. Hoxe, o Código penal alenta as empresas para aprobar programas de prevención de delitos (compliance penal) como instrumento de posible atenuación ou exoneración de sancións penais.

 EN CONCLUSIÓN

- A corrupción afecta gravemente e de forma negativa ás empresas nos países nos que non existe unha sólida **cultura de integridade**. Aínda que, a curto prazo, comportamentos pouco éticos poden xerarlles un beneficio ás empresas, a asunción por parte destas de sobrecustos xera a medio e longo prazo unha perda de competitividade e produtividade.
- As decisións do consumidor en economías avanzadas e, polo tanto, con índices de percepción da corrupción baixos, diríxense cara a aquelas empresas que, na súa organización interna e de cara ao exterior, se rexen por criterios éticos na súa xestión, empresas que polo tanto deberán ter implantados uns **sistemas e programas de responsabilidade social corporativa (RSC)** que inclúan a responsabilidade “ética” da empresa.
- **A ética é, en definitiva, un elemento que crea valor na empresa, non só moral senón tamén económico**, ao supoñer un retorno empresarial importante ao aumentar a demanda polos consumidores de bens e servizos destas empresas.





Programación: sección 7



OBXECTIVOS:

- Comprender a responsabilidade do tecido produtivo e empresarial na cultura da integridade.
- Coñecer e valorar a importancia dos sistemas e programas de responsabilidade social corporativa (SRC).
- Valorar a ponderación de empresas con perspectiva ética.



CONTIDOS:

- A ética empresarial fronte á corrupción empresarial.
- Responsabilidade social corporativa.
- A cultura da integridade no tecido produtivo e empresarial.



COMPETENCIAS CLAVE:

Esta sección, ademais de contribuír á Competencia Social e Cívica (CSC), contribúe ao desenvolvemento da Competencia en Comunicación Lingüística (CCL), da Competencia Dixital (CD) e do Sentido da Iniciativa e Espírito Emprendedor (SIE).



MÉTODOS E CRITERIOS DE AVALIACIÓN:

A avaliación realizarase mediante a observación do desenvolvemento da actividade e a execución do informe final, verificando que o alumnado:

- Utiliza con coherencia e pertinencia os conceptos estudados na sección e ao longo de toda a unidade didáctica.
- Participa activamente na actividade respectando as regras marcadas para o desenvolvemento desta.
- Recompila con rigor os datos necesarios dun modo obxectivo.
- Plasma os resultados nun informe claro, conciso e adecuado; con criterios de obxectividade e sustentando as súas afirmacións en datos de calidade.



METODOLOXÍA E TEMPORIZACIÓN:

Esta sección desenvolverase ao longo dunha sesión de, polo menos, 50 minutos de duración, combinando a instrución directa e a actividade práctica e reflexiva (individual e grupal), de maneira que o alumnado poña en práctica o aprendido ao longo de toda a unidade didáctica (tanto en sesións anteriores como nesta) na procura, selección e interpretación de datos para a elaboración de informes e a formación de opinións fundamentadas.



Actividades

1.ª actividade (15') - Exposición dos contidos teóricos

Trataranse os contidos teóricos desta sección no contexto da unidade didáctica, achegando exemplos prácticos dalgunha empresa de relevancia.

2.ª actividade (20')- Análise da RSC de diferentes empresas

A corrupción aféctalles ás empresas de diversa maneira en función da cultura de integridade que exista en cada país.

A corrupción ten así unha escala global, pero tamén unha dimensión local. Nesta escala local é preciso concienciar a cidadanía, pero tamén as empresas, de que os seus actos teñen unha repercusión na sociedade e que, xunto aos poderes públicos, deben colaborar para erradicar a corrupción da vida pública e social. A suma dos esforzos de todas as empresas e das decisións de consumo da cidadanía repercuten no logro dunha xestión eficaz e económica dos servizos públicos e na propia calidade de vida da sociedade civil.

As empresas contan con diversas ferramentas para aplicar criterios éticos na súa xestión interna e nas súas relacións cos consumidores, investidores, provedores, poderes públicos etc.

Esta actividade pretende introducir desde a realidade cotiá o alumnado no estudo da corrupción desde o punto de vista da empresa e como esta pode e debe xogar un importante papel na sociedade para fortalecer a cultura de integridade dun país.

Para iso, os contidos desenvoltoos nesta sección serán utilizados polo alumnado no desenvolvemento da actividade para, así, poder avaliar a asimilación dos coñecementos adquiridos. A profundidade da tarefa deseñarase e desenvolverase en función do curso concreto ao que vai destinada e os obxectivos marcados polo titor.

A actividade desenvolverase mediante traballo en grupo. Os grupos compoñeranse de 3 a 5 alumnos e a cada un deles asignaráselle unha empresa dun sector estratéxico para a economía de Galicia.

Tentarase que sexan empresas con gran implantación en Galicia en sectores estratéxicos como o naval, agrícola, tecnolóxico, enerxético, financeiro, medio ambiente, etc.

Cada grupo de alumnos analizará os criterios éticos que a empresa asignada teña implantados no seu funcionamento a través da responsabilidade social corporativa (RSC) e demais instrumentos para a loita contra a corrupción.

Como anexo propónse o modelo de informe que se lles entregará con carácter orientador.

3.^a actividade (15') - Reflexión final en gran grupo

Unha vez entregados os traballos grupais para a súa corrección escrita, iníciase un breve debate de conclusión e peche no que se comentarán en grupo os datos e conclusións alcanzados.

Recursos didácticos

A continuación recóllense algunhas ligazóns de interese para a exposición teórica e a realización da parte práctica. **É importante sinalar que o alumnado deberá ter acceso a Internet durante a realización desta actividade.**



Para pensar máis

Vídeo: os delitos económicos nas empresas. Enquisa mundial 2018 PWC

<https://www.youtube.com/watch?v=SjgBxEOWy3Q>

Negocios limpos: o rol das empresas na loita contra a corrupción

<http://www.negocioslimpios.org/la-corrupcion-en-la-empresa/efectos-de-la-corrupcion-en-la-empresa/riesgos-para-su-empresa>



Recursos

Responsabilidade social corporativa empresa pública **REGANOSA**

<http://www.reganosa.com/es/contexto-formulario-canal-etico>

Responsabilidade social corporativa empresa pública **NAVANTIA**

<https://www.navantia.es/es/personas/rsc/>

Responsabilidade social corporativa **INDITEX**

http://static.inditex.com/annual_report_2016/nuestras-prioridades/gobierno-corporativo/codigo-de-conducta-y-practicas-responsables-y-comite-de-etica.php

Responsabilidade social corporativa **PESCANOVA**

<http://www.nuevapescanova.com/compromiso/responsabilidad-social-corporativa/>

Responsabilidade social corporativa **GRUPO PUENTES**

<http://www.grupopuentes.com/es/grupo-puentes/documentos-corporativos>

Responsabilidade social corporativa **GRUPO SAN JOSE**

<https://www.grupo-sanjose.com/principios.php>

Responsabilidade social corporativa **GRUPO CALVO**

<https://www.grupocalvo.com/quienes-somos/codigo-de-etica-empresarial/>

Responsabilidade social corporativa **GADIS**

<https://www.gadisa.es/responsabilidad-social-corporativa.php>

Responsabilidade social corporativa **ABANCA**

<https://www.abancacorporacionbancaria.com/es/rsc/>

WEB Xunta de Galicia sobre a responsabilidade social empresarial

<https://rse.xunta.gal/index.php/es/>

Ficha da actividade

Ficha número 7: Empresas e cultura da integridade

- **DATOS PRELIMINARES:** nome da empresa, sector estratéxico, actividades que realiza, número de empregados, contas financeiras etc.
- **EXPOSICIÓN DA ESTRATEXIA QUE A EMPRESA TEN IMPLANTADA PARA A LOITA CONTRA A CORRUPCIÓN NO ÁMBITO INTERNO E NAS RELACIÓNS CO EXTERIOR:** ano de implantación da estratexia, responsabilidade social corporativa (RSC) e demais instrumentos con que conta. Conclusións do último informe que a empresa elaborase nesta materia.
- **EXPOSICIÓN DE CONCLUSIÓN:** por cada grupo de datos e da estratexia empresarial analizada en materia de comportamento ético. É unha empresa na que rexen suficientemente os criterios éticos? Aspectos en que se podería mellorar?





Preguntas sección 7

- 1 Sinala algunha das vantaxes para as empresas ao aplicar a denominada ética empresarial.
- 2 Que é a responsabilidade social corporativa (RSC)?
- 3 En que consiste a cultura do cumprimento nas empresas (*Corporate Compliance*)?
- 4 Que efectos produce a longo prazo nas empresas o fenómeno da corrupción?

ÉTICA, INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA. INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA, ÉTICA. TRANSPARENCIA. INTEGR
ÉTICA, INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA. ÉTICA, INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA. INTEGRIDADE, TRANSPAR
TRANSPARENCIA. INTEGRIDADE, ÉTICA. ÉTICA, INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA. ÉTICA, INTEGRIDADE, TRA
INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA, ÉTICA. TRANSPARENCIA. INTEGRIDADE, ÉTICA. ÉTICA, INTEGRIDADE, TRA
ÉTICA, INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA. INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA, ÉTICA. TRANSPARENCIA. INTEGR
ÉTICA, INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA. ÉTICA, INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA. INTEGRIDADE, TRANSPAR
TRANSPARENCIA. INTEGRIDADE, ÉTICA. ÉTICA, INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA. ÉTICA, INTEGRIDADE, TRA
INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA, ÉTICA. TRANSPARENCIA. INTEGRIDADE, ÉTICA. ÉTICA, INTEGRIDADE, TRA
ÉTICA, INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA. INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA, ÉTICA. TRANSPARENCIA. INTEGR

CADERNO PARA O PROFESORADO

ÉTICA, INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA. INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA, ÉTICA. TRANSPARENCIA. INTEGR
ÉTICA, INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA. ÉTICA, INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA. INTEGRIDADE, TRANSPAR
TRANSPARENCIA. INTEGRIDADE, ÉTICA. ÉTICA, INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA. ÉTICA, INTEGRIDADE, TRA
INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA, ÉTICA. TRANSPARENCIA. INTEGRIDADE, ÉTICA. ÉTICA, INTEGRIDADE, TRA
ÉTICA, INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA. INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA, ÉTICA. TRANSPARENCIA. INTEGR
ÉTICA, INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA. ÉTICA, INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA. INTEGRIDADE, TRANSPAR
TRANSPARENCIA. INTEGRIDADE, ÉTICA. ÉTICA, INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA. ÉTICA, INTEGRIDADE, TRA
INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA, ÉTICA. TRANSPARENCIA. INTEGRIDADE, ÉTICA. ÉTICA, INTEGRIDADE, TRA
ÉTICA, INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA. INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA, ÉTICA. TRANSPARENCIA. INTEGR
ÉTICA, INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA. ÉTICA, INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA. INTEGRIDADE, TRANSPAR



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

Consello de Contas
de Galicia



A CULTURA DA INTEGRIDADE E O COMPORTAMENTO ÉTICO DA SOCIEDADE CIVIL NAS SÚAS RELACIÓNS COS PODERES PÚBLICOS

UNIDADE DIDÁCTICA
SECCIÓN 8

**QUE PODO FACER EU?: O PAPEL
DA SOCIEDADE CIVIL**
CADERNO PARA O PROFESORADO



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

Consello de Contas
de Galicia



Que podo facer eu?

O papel da sociedade civil

Vimos ao longo destas seccións que existen **tres alicerces sobre os que se constrúe a cultura de integridade**. Os dous primeiros, a **ética** e a **integridade**, constitúen os cimentos da construción da nosa casa común: a cultura da integridade. O terceiro alicerce, a **transparencia**, non é máis que unha ferramenta necesaria para construír este edificio da cultura da integridade, digamos que é a argamasa, o pegamento que une e vincula as relacións entre a sociedade civil e as institucións públicas.





- **O primeiro alicerce é a ÉTICA.** A ética é o conxunto de normas morais que rexen a conduta da persoa en calquera ámbito da vida.
- **O segundo alicerce, a INTEGRIDADE.** A integridade é unha calidade. A RAE define íntegro como persoa recta e intachable. Como tal calidade, é esixible das persoas na súa condición de cidadás ou como integrantes das institucións públicas.
- **O terceiro alicerce, a TRANSPARENCIA.** A transparencia constitúe un elemento de prevención da corrupción e é esixible nas relacións entre as institucións públicas e a cidadanía.

Agora ben, esa casa non estaría solidamente construída se falta outro alicerce. **Cal pode ser este cuarto alicerce?**



O cuarto alicerce es TI.

Todos os cidadáns e cidadás, de calquera país ou territorio, en relación cos poderes e institucións públicas, temos, cada un de nós, ademais dunhas obrigas legais, unhas obrigas morais.

Estas obrigas morais teñen, sen dúbida, unha maior importancia que as legais, pois só quen “sente” este deber como algo propio, como algo “vivido internamente” cumprirá coa norma.

Por iso, **a integridade é un ben, un principio protexido pola Organización de Nacións Unidas (ONU)** que abrangue todo o planeta, a toda a cidadanía.



A DECLARACIÓN DE DEREITOS HUMANOS DE 1948 DA ORGANIZACIÓN DE NACIONS UNIDAS (ONU) establece no seu artigo 28 os deberes da cidadanía:

- 1. Toda persoa ten deberes respecto á comunidade**, posto que só nela pode desenvolver libre e plenamente a súa personalidade.
- No exercicio dos seus dereitos e no gozo das súas liberdades, toda persoa estará soamente suxeita ás limitacións establecidas pola lei co único fin de asegurar o recoñecemento e **o respecto dos dereitos e liberdades dos demais, e de satisfacer as xustas esixencias da moral**, da orde pública e do benestar xeral nunha sociedade democrática.

En que ámbitos podemos colaborar todos para construír este edificio da integridade?

Lembremos que a suma de todos os comportamentos das persoas é, en definitiva, a que converte ou non unha institución (un centro de ensino, unha familia, etc.; en definitiva, un país) en “íntegros”, en posuidores de bos costumes e hábitos correctos.



EN RELACIÓN COA CULTURA DE INTEGRIDADE, CON CARÁCTER XERAL:

- Os cidadáns podemos contribuír a mellorar a cultura de integridade que se plasma nos índices de percepción da corrupción (IPC). É tarefa de cada un de nós contribuír co noso comportamento e nas nosas esferas de actuación, que veremos posteriormente, a mellorar a cualificación que o noso país e a nosa comunidade autónoma merecen nestes índices.



EN RELACIÓN CO NOSO CONCELLO E O NOSO BARRIO:

- As persoas somos seres sociais. Nos concellos é onde cada un de nós desenvolvemos as nosas relacións e actividades de consumo, traballo, lecer, deporte, medio ambiente etc. Os nosos concellos teñen abertas canles de comunicación cos veciños para que lles poidamos facer chegar os nosos intereses e denuncias. Así mesmo, existen ferramentas, como os orzamentos participativos, as asociacións civís, as ONG etc. a través das cales podemos actuar, exercer a nosa “liberdade activa”.
- Igual de importante é a cultura de integridade que desenvolvemos nos nosos barrios, nas nosas rúas, pois son os espazos públicos máis próximos que temos. A integridade proxéctase así no coidado da contorna, dos nosos xardíns e mobiliario urbano, da hixiene urbana: depósito de desperdicios, coidado de fachadas, reciclaxe de lixos etc.
- O que é de todos non se pode utilizar para uso particular ou propio. Todos debemos coidar e respectar os espazos que son de todos, que son públicos e comúns, evitando, por exemplo, verter residuos ou lixos directamente ás beirarrúas ou as pintadas en fachadas de edificios.



**EN RELACIÓN COS NOSOS CENTROS DE ENSINO:**

- Pasamos gran parte do noso tempo en centros de ensino, xa sexan centros de secundaria e bacharelato, de formación profesional, universidades, escolas etc., polo que a integridade e a calidade humana nas nosas relacións na contorna educativa é fundamental. As relacións entre os membros da comunidade educativa (profesores, alumnado, nais e pais) baseadas na integridade, en comportamentos éticos, e en relacións de confianza e proximidade fomentan valores que actúan positivamente no rendemento académico do alumnado. Os problemas deben ser comunicados sen medo e con confianza, porque só entre todos poden ser xestionados e resoltos.
- O coidado das instalacións e materiais dos centros de ensino é un deber de todos. Se todos coidamos das nosas aulas, redundará no noso propio beneficio, pois recibiremos no seguinte curso académico material en mellor estado, e así sucesivamente. O gasto público poderá así destinarse a “mellorar”, no canto de “manter e repoñer”, co que gozaremos de mellores instalacións e servizos educativos.






EN RELACIÓN COA FAMILIA, RESIDENCIAS E CENTROS DE TRABAJO/ EMPRESAS:

A familia é o elemento natural e fundamental da sociedade e ten dereito á protección da sociedade e do Estado (artigo 16.3 da Declaración de dereitos humanos de 1948).

- **A familia** é o núcleo da sociedade calquera que sexa a súa estrutura. Nela formámonos como persoas e adquirimos os valores que desenvolveremos despois nas nosas sociedades.
- Na familia adquirimos e desenvolvemos a integridade; é no seo dela onde forxamos os nosos bos hábitos e costumes, que son os que marcarán toda a nosa vida e nos conducirán á felicidade.
- Debemos ter unha actuación de confianza, aberta e participativa na nosa familia. A familia pódenos axudar a resolver os problemas diarios e nela obtemos a protección e o consello. É deber de todos os membros da familia coidar, protexer e potenciar os lazos “invisibles” que nos unen; todos somos responsables diso, e isto supón unha tarefa que require tempo e esforzo.
- Igualmente, aquelas persoas que polas súas circunstancias persoais convivan en **residencias (de estudantes ou doutro tipo)** deben procurar, ao igual que ocorre nos centros de ensino e nas familias, crear un clima de unión e de confianza, de integridade moral. Se debemos convivir, parece o máis intelixente que esa convivencia sexa o máis próxima e “amigable” posible. Iso redundará nunha mellor calidade de vida e, en definitiva, na nosa felicidade persoal. É máis positivo, en todo caso, ter unha contorna agradable que desagradable.
- Estas mesmas condicións de integridade moral, que debemos fomentar e crear nas familias e nas residencias, serán tamén as que posteriormente deberemos crear e desenvolver nos nosos **centros de traballo/empresas** no noso dobre papel de traballadores e consumidores responsables.

Nestes ámbitos, merecen unha mención especial **AS NOVAS TECNOLOXÍAS**: redes sociais, servizos de comunicación inmediata, plataformas, blogs, webs etc. **O uso das novas tecnoloxías debe rexerse tamén por principios éticos, pola integridade.** Somos tamén nestes “espazos virtuais” creadores de opinión, de “tendencia de integridade”.



- O anonimato, polo menos *a priori*, que proporciona Internet non debe facernos esquecer que **a integridade e o respecto deben rexer as relacións entre os “internautas”**. Doutra forma, tamén esta ferramenta, “Internet”, se pode volver contra nós, xa que tamén existen delitos relacionados coas tecnoloxías, que son perseguidos e poden ser obxecto de denuncia e investigación policial.
- En calquera caso, o uso das tecnoloxías é en si mesmo “algo bo”. Somos nós os que debemos facer un bo uso (íntegro) das tecnoloxías, sen esquecer que o seu “abuso” pode illarnos da sociedade, da relación necesaria, directa e enriquecedora, cos nosos amigos e amigas. Debemos saber distribuír adecuadamente o noso tempo entre o “**lecer pasivo**” (Internet, televisión etc.) e o “**lecer activo**” (deportes, gozo do medio ambiente, concertos, espectáculos, lecturas, música, teatro, danza etc.).



Finalmente, seguindo o maxisterio de Adela Cortina, imos tratar de establecer un **DECÁLOGO EDUCATIVO DE INTEGRIDADE**:

- 1 **SÉ COMPASIVO NO TEU TRATO COS DEMAIS.** Trata a humanidade sempre na túa persoa e na de calquera outro, de modo que o trates como un fin en si mesmo e non como un medio.
- 2 **LOITA TODA A TÚA VIDA POR LABRARTE UNS BOS HÁBITOS, UN BO CARÁCTER E COSTUMES.** Para iso é necesario a formación. Aprende coa lectura e das persoas máis preparadas.
- 3 **REFLEXIONA.** Ten paciencia, non teñas présa, todo chegará. Hai que vivir no longo prazo, que fomenta a reflexión interior, e non na rapidez e no inmediato, que fomenta as decisións precipitadas e inadecuadas.
- 4 **VIVE UNHA LIBERDADE POSITIVA.** Exercea en sociedade, actúa positivamente para cambiar as cousas nas contornas en que actúes. Moitos xestos pequenos teñen un gran valor e permiten cambiar grandes cousas.
- 5 **CONSUME RESPONSABLEMENTE.** Fai un consumo responsable, a felicidade “non a dá o ter, senón o ser”. Actúa en local, pensa en global.
- 6 **ASUME OS TEUS DEBERES.** Exercita os teus deberes e cumpre coas túas obrigas públicas coa mesma forza e responsabilidade coa que esixes e exercitas os teus dereitos.
- 7 **SÉ SOLIDARIO E RESPONSABLE.** Axuda os demais en todo aquilo que lles poidas achegar, para gozar, á súa vez, do que os outros che poidan achegar e ensinar a ti. Sé responsable en todas aquelas tarefas que acometas.
- 8 **SÍNTETE IGUAL AOS DEMAIS.** Non es nin máis nin menos que calquera outro ser humano, loita porque ninguén che quite o teu orgullo e a túa fortaleza, non despreces a ninguén co teu trato. A túa dignidade é o teu maior tesouro.

- 9 **SÉ RESPECTUOSO.** Respecta os demais e conseguirás que os demais te respecten. Respecta, con especial coidado, a túa contorna máis próxima: a túa familia, as persoas maiores, os teus compañeiros e amigos, as institucións públicas e o medio ambiente.
-

- 10 **VIVE EN CONCORDIA COS DEMAIS E CONTIGO MESMO.** Vivir en concordia implica que os pasos que guíen o teu camiño sexan os do “corazón” (do latín cos-cordis) acompañados pola “prudencia e a xustiza”. Loita por ser feliz.



EN CONCLUSIÓN

- Ti podes e debes colaborar na construción desa casa común que é a cultura de integridade actuando desde todos os ámbitos da túa vida: no teu centro educativo, na túa familia, no teu barrio, na túa cidade, na túa vila ou aldea.
- Non podemos escudarnos en que a nosa actitude non ten consecuencias directas na sociedade. Somos todos os cidadáns e cidadás, coa suma de todas as nosas condutas, os que podemos cambiar efectivamente as cousas e achegarnos a países que constitúen unha referencia, un exemplo de “sociedades íntegras”.
- Ademais, esta actitude, a de ser persoas íntegras, redundará no noso propio beneficio, pois quen se labra un bo carácter (“Ethos”), uns bos costumes ao longo da súa vida, empatiza máis facilmente cos demais. É, en definitiva, máis feliz.
- Nos países onde a corrupción non existe ou é un problema insignificante, as posibilidades de traballo son maiores. As taxas de paro son baixas ao ser competitivos e atractivos para os investimentos estranxeiros. Os países cunha sólida cultura de integridade teñen, en xeral, uns “índices de desenvolvemento humano” máis altos, onde a calidade de vida e as posibilidades de lecer e de diversión son máis elevadas.



Programación: sección 8



OBXECTIVOS:

- Comprender e valorar a importancia da propia responsabilidade na cultura da integridade nos diferentes ámbitos da nosa vida (incluído o dixital) e a diferentes niveis.
- Integrar o coñecemento adquirido na unidade didáctica nun esquema de valores e nunha actitude persoal responsable e ética.
- Fomentar o exercicio ético e responsable dos nosos dereitos e deberes como cidadáns no relativo á cultura da integridade.



CONTIDOS:

- A ética persoal e a cultura da integridade.
- Responsabilidade cidadá: dereitos e deberes da cidadanía.
- A cultura da integridade no benestar social.



COMPETENCIAS CLAVE:

Esta sección, ademais de contribuír á Competencia Social e Cívica (CSC), contribúe ao desenvolvemento da Competencia en Comunicación Lingüística (CCL), da Competencia Dixital (CD) e do Sentido da Iniciativa e Espírito Emprendedor (SIE).

**MÉTODOS E CRITERIOS DE AVALIACIÓN:**

A avaliación realizarase mediante a observación do desenvolvemento da actividade verificando que o alumnado utiliza con coherencia e pertinencia os conceptos estudados na sección e ao longo de toda a unidade didáctica na súa argumentación, integrando os diferentes coñecementos adquiridos con solidez.

**METODOLOXÍA E TEMPORIZACIÓN:**

Esta sección desenvolverase ao longo dunha sesión de, polo menos, 50 minutos de duración, combinando a instrución directa e a actividade práctica e reflexiva individual e grupal, de maneira que o alumnado poña en práctica o aprendido ao longo de toda a unidade didáctica de modo integral.



Actividades

1.ª actividade (25') - Exposición dos contidos teóricos

Trataranse os contidos teóricos desta sección no contexto da unidade didáctica, achegando exemplos prácticos dalgunha empresa de relevancia.

2.ª actividade (25')- Debate de peche e reflexión final en gran grupo

Iniciarase un breve debate de conclusión e peche global da unidade no que se comentarán en grupo aquelas cuestións que lles resultaron de máis relevancia ou máis sorprendentes. Aproveitarase para resolver dúbidas e favorecer o intercambio de opinións de xeito máis libre e con menos estruturación.

Poderase apoiar a actividade nalgunha noticia de actualidade nese momento (por exemplo, a actitude cidadá en relación coas medidas de confinamento e distanciamento social adoptadas fronte ao SARS-CoV-2), nalgún anuncio publicitario ou nun “**videoforo**” para que o alumnado poña en xogo de modo global e sobre situacións reais os contidos de toda a unidade didáctica. Desta forma este bloque 8 ocuparía dúas ou tres sesións.

Recursos didácticos

A continuación, recóllense algunhas ligazóns de interese para a exposición teórica e a realización da parte práctica. **É importante sinalar que o alumnado deberá ter acceso a Internet durante a realización desta actividade.**



Para pensar máis

Vídeo: a corrupción no mundo

<https://www.youtube.com/watch?v=xO2AWSSFx2o>



Recursos

Responsabilidade social corporativa empresa pública **REGANOSA**

<http://www.reganosa.com/es/contexto-formulario-canal-etico>

Responsabilidade social corporativa empresa pública **NAVANTIA**

<https://www.navantia.es/es/personas/rsc/>

Responsabilidade social corporativa **INDITEX**

http://static.inditex.com/annual_report_2016/nuestras-prioridades/gobierno-corporativo/codigo-de-conducta-y-practicas-responsables-y-comite-de-etica.php

Responsabilidade social corporativa **PESCANOVA**

<http://www.nuevapescanova.com/compromiso/responsabilidad-social-corporativa/>

Responsabilidade social corporativa **GRUPO PUENTES**

<http://www.grupopuentes.com/es/grupo-puentes/documentos-corporativos>

Responsabilidade social corporativa **GRUPO SAN JOSE**

<https://www.grupo-sanjose.com/principios.php>

Responsabilidade social corporativa **GRUPO CALVO**

<https://www.grupocalvo.com/quienes-somos/codigo-de-etica-empresarial/>

Responsabilidade social corporativa **GADIS**

<https://www.gadisa.es/responsabilidad-social-corporativa.php>

Responsabilidade social corporativa **ABANCA**

<https://www.abancacorporacionbancaria.com/es/rsc/>

WEB Xunta de Galicia sobre a responsabilidade social empresarial

<https://rse.xunta.gal/index.php/es/>

Poesía: “O SI” de Rudyard Kipling

<http://www.carreteros.org/carreteros/historia/si.htm>



Preguntas sección 8

- 1 Explica cal é o cuarto alicerce da cultura de integridade e por que é o máis importante.
- 2 Explica por que a integridade é un principio protexido pola Organización de Nacións Unidas (ONU).
- 3 Sinala dous ámbitos e coméntaos (poñendo exemplos) nos que todos podemos colaborar para construír o edificio da integridade.
- 4 Cita algún principio dos recollidos no decálogo de integridade e comenta brevemente por que é para ti o máis interesante.

ÉTICA, INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA. INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA, ÉTICA. TRANSPARENCIA. INTEGR
ÉTICA, INTEGRIDADE, **TRANSPARENCIA**. ÉTICA, INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA. INTEGRIDADE, TRANSPAR
TRANSPARENCIA. INTEGRIDADE, ÉTICA. ÉTICA, INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA. **ÉTICA**, INTEGRIDADE, TRA
INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA, ÉTICA. **TRANSPARENCIA**. INTEGRIDADE, ÉTICA. ÉTICA, INTEGRIDADE, TRA
ÉTICA, INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA. INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA, ÉTICA. TRANSPARENCIA. INTEGR
ÉTICA, INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA. **ÉTICA**, INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA. INTEGRIDADE, TRANSPAR
TRANSPARENCIA. INTEGRIDADE, ÉTICA. ÉTICA, **INTEGRIDADE**, TRANSPARENCIA. ÉTICA, INTEGRIDADE, TRA
INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA, ÉTICA. TRANSPARENCIA. INTEGRIDADE, ÉTICA. ÉTICA, INTEGRIDADE, TRA
ÉTICA, INTEGRIDADE, **TRANSPARENCIA**. INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA, ÉTICA. TRANSPARENCIA. **INTEGR**

CADERNO PARA O PROFESORADO

ÉTICA, INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA. INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA, **ÉTICA**. TRANSPARENCIA. INTEGR
ÉTICA, INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA. ÉTICA, INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA. INTEGRIDADE, TRANSPAR
TRANSPARENCIA. INTEGRIDADE, ÉTICA. ÉTICA, INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA. ÉTICA, INTEGRIDADE, TRA
INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA, **ÉTICA**. TRANSPARENCIA. **INTEGRIDADE**, ÉTICA. ÉTICA, INTEGRIDADE, **TRA**
ÉTICA, INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA. INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA, ÉTICA. TRANSPARENCIA. INTEGR
ÉTICA, INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA. ÉTICA, INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA. INTEGRIDADE, TRANSPAR
TRANSPARENCIA. **INTEGRIDADE**, ÉTICA. ÉTICA, INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA. ÉTICA, INTEGRIDADE, TRA
INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA, ÉTICA. TRANSPARENCIA. INTEGRIDADE, ÉTICA. ÉTICA, INTEGRIDADE, TRA
ÉTICA, INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA. INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA, ÉTICA. **TRANSPARENCIA**. INTEGR
ÉTICA, INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA. ÉTICA, INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA. INTEGRIDADE, TRANSPAR



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

Consello de Contas
de Galicia



A CULTURA DA INTEGRIDADE E O COMPORTAMENTO ÉTICO DA SOCIEDADE CIVIL NAS SÚAS RELACIÓNS COS PODERES PÚBLICOS

MATERIAL PARA CONSULTA E
AMPLIACIÓN



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

Consello de Contas
de Galicia





Materiais de consulta

Artigos, noticias, conferencias, libros, vídeos, entrevistas, páxinas webs, blogs etc.

Este material aparece ordenado en relación coa numeración seguida no desenvolvemento das oito seccións expostas, aínda que se pode empregar e, polo tanto, é aplicable, en calquera delas por ter este material un carácter transversal en relación coa “unidade total” que estas constitúen: “A cultura da integridade e o comportamento ético da sociedade civil nas súas relacións cos poderes públicos”.

A maior parte deste material está dispoñible na rede en código aberto e é útil para complementar e afondar no contido das diversas seccións.

Sección 1



Recursos

Como previr a corrupción: Integridade e transparencia. 2017, Rafael Jiménez Asensio

<http://laadministracionaldia.inap.es/noticia.asp?id=1506563>

O papel da educación nun mundo corrupto. Francisco Coll Morais. Revista internacional.

Transparencia e Integridade

https://revistainternacionaltransparencia.org/wp-content/uploads/2018/09/francisco_coll.pdf



A responsabilidade ética da sociedade civil. Adela Cortina e Jesús Conil. Universidade de Valencia. Mediterráneo Económico 26. Este estudo insírese no Proxecto de investigación científica e desenvolvemento tecnolóxico FFI2013-47136-C2-1-P, financiado polo Ministerio de Economía e Competitividade, e nas actividades do grupo de investigación de excelencia PROMETEO/2009/085 da Generalitat Valenciana

http://www.villafane.com/wp-content/uploads/2015/11/Cap-1_2014_Responsabilidad_etica_sociedad_civil.pdf

Artigo: por que Finlandia é o terceiro país menos corrupto do mundo? Blog: Ricardo Peralta Saucedo Académico da UNAM

https://revistainternacionaltransparencia.org/wp-content/uploads/2018/09/francisco_coll.pdf

Estado de sinatura e ratificación da Convención de Nacións Unidas de loita contra a corrupción

<https://www.unodc.org/unodc/en/corruption/ratification-status.html>

Documento Convención de Nacións Unidas contra a corrupción

https://www.unodc.org/pdf/corruption/publications_unodc_convention-s.pdf

Vídeo: Grupo de Acción Local do sector pesqueiro da ría de Arousa (GALP)

<https://www.youtube.com/watch?v=uuZyvr3UYyM>

Vídeo: Operación Japónica, loita contra o furtivismo

https://www.youtube.com/watch?v=RE_zyCBMLXI

Noticia: Xunta de Galicia e furtivismo

https://www.lavozdegalicia.es/noticia/barbanza/2019/08/01/barbanza-xunta-llevara-11-playas-campana-contr-furtivismo-banador/0003_201908B1C2994.htm

Noticia: o furtivismo en Galicia

<https://www.europapress.es/galicia/pesca-00247/noticia-furtivismo-galicia-negocio-ya-supera-100600-kilos-mafias-turistas-necesitados-20180902115725.html>

Orde explotación recursos do marisqueo

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2016/20160121/AnuncioG0427-140116-0001_es.html



Sección 2



Recursos

Vídeo: que é a corrupción?

<https://www.youtube.com/watch?v=CmzAX8VOr8w>

Noticia de prensa: os países máis corruptos do mundo

https://cribeo.lavanguardia.com/estilo_de_vida/16549/el-ranking-de-los-paises-mas-corruptos-del-mundo-demuestra-que-vamos-a-peor

Guía útil de transparencia internacional para traballar con mozas e mozos contra a corrupción

https://transparencia.org.es/wp-content/uploads/2017/04/guia_util_trabajar_jovenes_contra_corrup.pdf

Guía de termos

<https://transparencia.org.es/wp-content/uploads/2014/10/Gu%C3%ADa-de-lenguaje-claro-sobre-lucha-contra-la-corrupci%C3%B3n.pdf>

Sección 3



Recursos

Vídeo: ética e moral. Entrevista a Adela Cortina, 30 de xuño 2013, en RTVE 2. Penso, logo existo

<https://www.rtve.es/alcarta/videos/pienso-luego-existo/pienso-luego-existo-adela-cortina/1906728/>

Vídeo: ética e moral. Adela Cortina

<https://www.youtube.com/watch?v=5hVsdZ5y5W4>



Vídeo: para que serve realmente a ética? Adela Cortina

<https://www.youtube.com/watch?v=i3lXuOpNHLo>

Vídeo: non bastan as leis, é preciso un compromiso ético da cidadanía. Adela Cortina.

<https://www.youtube.com/watch?v=i3lXuOpNHLo>

Código ético do Consello de Contas de Galicia

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2017/20171212/AnuncioO10-301117-0001_gl.html

Libro: Adela Cortina. Ética de mínimos. Editorial Tecnos. Sexta edición. Ano 2000

https://www.tecnos.es/ficha.php?id=2641379&id_clase=219160

Libro: Noé Héctor Esquivel Estrada, Ética cívica: unha alternativa máis para a educación. Tempo de Educar, Universidade Autónoma do Estado de México

<https://www.redalyc.org/pdf/311/31171303.pdf>

Libro: Adela Cortina. “Para que serve realmente a ética”, Editorial Paidós 2013

<http://www.revistadefilosofia.org/66-26.pdf>

Relatorio: Rafael Jiménez Asensio, Códigos éticos e de conduta no sector público: experiencias e marcos institucionais de integridade. Unha visión comparada. Vitoria-Gasteiz, 22 maio 2014. Congreso Q-EPEA

<http://laadministraciondial.inap.es/noticia.asp?id=1506999>

Conferencia ética, cidadanía e modernidade. Adela Cortina. 7 de xuño de 2003, Universidade de Chile

<https://web.uchile.cl/vignette/cyberhumanitatis/CDA/>

[vida_sub_simple3/0,1250,PRID%253D7562%2526SCID%253D7566%2526ISID%253D347,00.html](https://web.uchile.cl/vignette/cyberhumanitatis/CDA/vida_sub_simple3/0,1250,PRID%253D7562%2526SCID%253D7566%2526ISID%253D347,00.html)



Sección 4



Recursos

Vídeo: os obxectivos dun pacto de integridade

<https://vimeo.com/266100100>

Pacto de integridade

<https://INTEGRIDADE.org.es/pactos-de-INTEGRIDADE/ayuntamiento-de-madrid/>

Transparencia internacional: os pactos de integridade: involucrar a sociedade civil para obter mellores resultados nunha contratación pública, ano 2017

<https://INTEGRIDADE.org.es/wp-content/uploads/2017/04/Pactos-de-INTEGRIDADE-Sector-P%C3%BAblico-2.pdf>

A sociedade civil. Ano 2012. Centro Internacional para a lei sen fins de lucro (INCL). Washington, D.C.

<http://www.icnl.org/>

José Enrique Díez Getino e Susana Torija Ferreiro. “Modelo de estratexia para fomentar a integridade e previr a corrupción”, publicado na Revista Internacional (setembro-décembro 2016). Transparencia e Integridade

<https://revistainternacionaltransparencia.org/wp-content/uploads/2016/12/Jos%C3%A9-Enrique-Diez-y-Susana-Torija.pdf>

Integridade no sector privado. Transparencia internacional

<https://transparencia.org.es/INTEGRIDADE-corporativa/>



Sección 5



Recursos

Vídeo: o dereito dos cidadáns á información pública

<https://www.youtube.com/watch?v=SfaD4HKe5Bo>

O dereito de acceso á información pública

http://transparencia.gob.es/transparencia/transparencia_Home/index/Derecho-de-acceso-a-la-informacion-publica.html

Artigo-entrevistas: é España un país transparente?

https://blogs.elconfidencial.com/comunicacion/el-blog-del-laboratorio/2016-05-06/entrevista-ley-de-transparencia-sergio-leiva-david-cabo-cesar-astudillo-jorge-sancha_1195828/

Transparencia internacional. Índice de transparencia das comunidades autónomas (INCAU-2016)

<https://transparencia.org.es/incau-2016/>

Transparencia internacional. Índice de transparencia das federacións deportivas (INFED)

<https://transparencia.org.es/indice-de-transparencia-de-las-federaciones-deportivas-infed-2/>

Portal de transparencia da Xunta de Galicia

<https://transparencia.xunta.gal/portada>

Transparencia internacional España. Índice de percepción da corrupción 2018 (IPC 2018), publicado o 29 de xaneiro de 2019

<https://transparencia.org.es/?s=ipc+2019>



Transparencia, rendición de contas e lexitimidade. Manual para organizacións da sociedade civil. Instituto de Comunicación e Desenvolvemento (ICD) de Uruguai. Publicación do ano 2013. Este manual obtivo un dos premios do Nelson Mandela-Graça Machel Innovation Awards de CIVICUS en 2012

<http://www.lasociedadcivil.org/wp-content/uploads/2014/12/Manual-Transparencia-rendici%C3%B3n-de-cuentas-y-legitimidad.pdf>

Páxina web: sociedade civil polo debate

<http://www.sociedadcivil.com/debate-abierto/transparencia/>

Páxina web: Instituto de Comunicación e Desenvolvemento (ICD) Uruguai: Instituto consultivo como organización especializada ante o Consello Económico e Social (ECOSOC) de Nacións Unidas

<http://www.lasociedadcivil.org/publicaciones-icd/page/2/>

Libro: Simone Weil. L'enracinement, prélude à une déclaration des devoirs envers l'être humain. Editorial Gallimard, 1949

<http://www.gallimard.fr/Catalogue/GALLIMARD/Folio/Folio-essais/L-enracinement>

Libro: Vicente Moret Millás: Os deberes constitucionais no ordenamento xurídico español: o inestable binomio dereitos-responsabilidades

<https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=6534003>

Web: Consello de Contas de Galicia

<http://www.consellodecontas.es/es/content/INTEGRIDADE-y-buen-gobierno>

Lei de transparencia de Galicia

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2016/20160215/AnuncioC3B0-110216-0001_es.html



Sección 6



Recursos

Informe do Parlamento Europeo de marzo de 2016: “O custo dos países non europeos no ámbito da delincuencia organizada e a corrupción”

https://www.europarl.europa.eu/doceo/document/A-8-2016-0284_ES.html

Artigo: a economía da corrupción

<http://www.eleconomista.com.ar/2013-10-casi-todos-festearon/>

Artigo: Pilar Rasillo López. Os delitos de corrupción tras a reforma do Código penal pola LO 1/2015

<https://elderecho.com/los-delitos-de-corrupcion-tras-la-reforma-del-codigo-penal-por-lo-12015>

Vídeo: os delitos económicos nas empresas. Enquisa mundial 2018 PWC

<https://www.youtube.com/watch?v=SjgBxEOWy3Q>

Vídeo: ecuación de Robert Klitgaard

<https://www.youtube.com/watch?v=Sx1Mn8Ql3o0>

Noticia: Christine Lagarde, directora xerente do Fondo Monetario Internacional (FMI). Seminario sobre corrupción, ano 2017, Brookings Institution, Centro de investigación (“Think Tank” ou grupo de reflexión) sen fins de lucro, fundado en 1916. A súa sede atópase en Washington

<https://www.eleconomista.com.mx/economia/Sobornos-cuestan-2-del-PIB-mundial-Lagarde-20170918-0158.html>



Informe do Fondo Monetario Internacional (FMI) do ano 2016: Corruption: Costs and Mitigating Strategies (Corrupción: Custos e estratexias atenuantes)

<https://www.imf.org/es/News/Articles/2015/09/28/04/53/sores051116a>

Contratación pública e integridade. Observatorio de contratación pública. Ano 2016.
Profesor Jose María Gimeno Feliu

<http://www.obcp.es/colaboradores/jose-maria-gimeno-feliu>

A nova Lei de contratos e a mellora da xestión pública. José María Gimeno Feliu. VIII Congreso de Auditoría do Sector Público: A nova contratación do sector público: control e eficacia. Madrid 22 e 23 de novembro de 2018

<https://fiscalizacion.es/2018/07/04/la-nueva-contratacion-publica-control-y-eficacia/>

Artigo de prensa: como funcionan as cousas no país menos corrupto do mundo? O caso de Nova Zelandia

<https://www.infobae.com/america/mundo/2017/01/29/como-funcionan-las-cosas-en-el-pais-menos-corrupto-del-mundo/>

Sección 7



Recursos

Web: observatorio da responsabilidade social corporativa

<https://observatoriorsc.org/la-rsc-que-es/>

Web: cátedra de Responsabilidade Social Corporativa IESE

<https://www.iese.edu/es/claustro-investigacion/catedras/caixabank-responsabilidad-social-empresa-gobierno-corporativo/>



Seminario: Adela Cortina Para que serve realmente a ética da Empresa? 1ª sesión, 7 de outubro de 2013. XXIII Seminario Permanente de Ética Económica e Empresarial (2013/2014). Fundación Étnor. Ética dos Negocios e as Organizacións

<https://www.etnor.org/wp-content/uploads/2017/02/XXIIISeminarioETNOR.pdf>

Artigo: Antonio Argandoña A corrupción e as empresas. Maio 2007. Cátedra de Responsabilidade Social da Empresa e Goberno Corporativo IESE

<https://media.iese.edu/research/pdfs/OP-07-21.pdf>

Web: negocios limpos, o rol das empresas na loita contra a corrupción

<http://www.negocioslimpios.org/la-corrupcion-en-la-empresa/efectos-de-la-corrupcion-en-la-empresa/riesgos-para-su-empresa>

Web: ética nos negocios e nas organizacións

<https://www.etnor.org/>

Artigo: formación, a base dunha cultura empresarial de cumprimento. Eva Algaba Garrido. Revista Internacional de Transparencia e Integridade. Maio-agosto 2016

<https://revistainternacionaltransparencia.org/wp-content/uploads/2016/09/EVA-ALGABA.pdf>

Web: que é a práctica do cumprimento ou “compliance”?

<http://www.worldcomplianceassociation.com/que-es-compliance.php>

Artigo: todos temen o controlador interno na empresa

https://elpais.com/economia/2018/10/05/actualidad/1538753459_818297.html

Web: responsabilidade social corporativa empresa pública

<http://www.tragsa.es/es/sostenibilidad/nuestros-valores/Paginas/default.aspx>



Sección 8



Recursos

A Convención das Nacións Unidas contra a corrupción (New York, ano 2004)

https://www.unodc.org/documents/mexicoandcentralamerica/publications/Corrupcion/Convencion_de_las_NU_contra_la_Corrupcion.pdf

Libro: Vitoria Camps: O goberno das emocións, 2012

https://www.tendencias21.net/libros/El-gobierno-de-las-emociones_a300.html

Entrevista: Adela Cortina, RNE: para que serve a ética?

<https://www.rtve.es/alacarta/audios/no-es-un-dia-cualquiera/no-dia-cualquiera-adela-cortina-etica-sirve-para-abaratar-costes/2348028/>

Libro: Ética da razón cordial. Premio Internacional Jovellanos polo Ensaio ano 2014

<https://www.edicionesnobel.com/catalogo/9788484591795/etica-de-la-razon-cordial--educar-en-la-ciudadania>

Poesía: “O SI” de Rudyard Kipling

<https://www.tunuevainformacion.com/gente-y-mundo/305-un-maravilloso-poema-de-rudyard-kipling-para-deleitaros-con-su-lectura-en-espanol-y-en-ingles.html>

ÉTICA, INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA. INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA, ÉTICA. TRANSPARENCIA. INTEGR
ÉTICA, INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA. ÉTICA, INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA. INTEGRIDADE, TRANSPAR
TRANSPARENCIA. INTEGRIDADE, ÉTICA. ÉTICA, INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA. ÉTICA, INTEGRIDADE, TRA
INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA, ÉTICA. TRANSPARENCIA. INTEGRIDADE, ÉTICA. ÉTICA, INTEGRIDADE, TRA
ÉTICA, INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA. INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA, ÉTICA. TRANSPARENCIA. INTEGR
ÉTICA, INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA. ÉTICA, INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA. INTEGRIDADE, TRANSPAR
TRANSPARENCIA. INTEGRIDADE, ÉTICA. ÉTICA, INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA. ÉTICA, INTEGRIDADE, TRA
INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA, ÉTICA. TRANSPARENCIA. INTEGRIDADE, ÉTICA. ÉTICA, INTEGRIDADE, TRA
ÉTICA, INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA. INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA, ÉTICA. TRANSPARENCIA. INTEGR

CADERNO PARA O PROFESORADO

ÉTICA, INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA. INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA, ÉTICA. TRANSPARENCIA. INTEGR
ÉTICA, INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA. ÉTICA, INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA. INTEGRIDADE, TRANSPAR
TRANSPARENCIA. INTEGRIDADE, ÉTICA. ÉTICA, INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA. ÉTICA, INTEGRIDADE, TRA
INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA, ÉTICA. TRANSPARENCIA. INTEGRIDADE, ÉTICA. ÉTICA, INTEGRIDADE, TRA
ÉTICA, INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA. INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA, ÉTICA. TRANSPARENCIA. INTEGR
ÉTICA, INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA. ÉTICA, INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA. INTEGRIDADE, TRANSPAR
TRANSPARENCIA. INTEGRIDADE, ÉTICA. ÉTICA, INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA. ÉTICA, INTEGRIDADE, TRA
INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA, ÉTICA. TRANSPARENCIA. INTEGRIDADE, ÉTICA. ÉTICA, INTEGRIDADE, TRA
ÉTICA, INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA. INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA, ÉTICA. TRANSPARENCIA. INTEGR
ÉTICA, INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA. ÉTICA, INTEGRIDADE, TRANSPARENCIA. INTEGRIDADE, TRANSPAR



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

Consello de Contas
de Galicia

